valadares



# PXA IES VALADARES 2023-24

**NOVAS LIÑAS PEDAGÓXICAS**

Aprobada no Consello Escolar do 11 de decembro de 2023

O curso académico 2023-24 comeza con normalidade, salvo polo cambio do equipo directivo. Este novo equipo foi nomeado polo prazo dun ano e os seus membros son: Patricia Mena Piñeiro (Directora), Carmen Boado Aguinaga (Vicedirectora), Manuel Ángel Iglesias Otero (Xefe de estudos) e Begoña Vázquez Domínguez (Secretaria).

Desenvolveranse todos os proxectos que definen as principais liñas educativas polas que apostou o anterior equipo directivo, segundo o compromiso adquirido coa inspección educativa diante do claustro do centro. Algunhas son de xeito innovador e outras con carácter experimental. Estas liñas son:

- METODOLOXÍAS ACTIVAS (DUA, proxectos e tarefas integradas e aprendizaxe cooperativa e docencia compartida)
- MATERIAS CUADRIMESTRAIS
- MATERIAS AGRUPADAS
- INCLUSIÓN (PDC e AF inclusivos na aula base)
- POLÍTICA PORTAS ABERTAS:
  Aulas abertas-despachos abertos.

Poñeremos todo o noso empeño, esforzo e traballo para acadar os obxectivos respectivos a cada apartado.

ÍNDICE

Capítulo I

1. OBXECTIVOS: 3

1. 1. Obxectivos de carácter educativo 3

1. 2. Obxectivos con respecto á adquisición e utilización de equipamento e recursos 6

1. 3. Obxectivos con respecto á mellora das instalacións 7

1. 4. Obxectivos con respecto á organización do Centro e á información 8

2. HORARIOS do centro 9

3. TRANSPORTE 10

Capítulo II 12

1. DOC
2. ANEXO. PLAN DE ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DAS TAREFAS DE PERSOAL NON DOCENTE

Capítulo III 13

1. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES
2. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DA BIBLIOTECA. Club de lectura 48
3. PLAN ANUAL DE FORMACIÓN DO PROFESORADO. PFPP
4. CALENDARIO ESCOLAR

Capítulo IV 49

1. ORZAMENTO

ANEXO I-Documentos, Plans e Proxectos (Enlaces á Páxina web) 50

1. PEC.......... 50
2. Plan de Biblioteca. .......... 50
3. Plan Dixital. (Inclúe Plan de integración das Tics) .......... 50
4. Proxecto lingüístico. .......... 58
5. Tratamento integrado de linguas .......... 58
6. Programación de dinamización de lingua galega .......... 60
7. Concreción do plan anual de atención á diversidade. .......... 60
8. Concreción anual do PAT. .......... 68
9. Concreción anual do plan de convivencia. .......... 73
10. Plan de Igualdade.......... 73
11. Plan de apoio emocional. Concreción anual. .......... 73
12. Seccións Bilingües. Auxiliar de Conversa-Fullbright .......... 74
13. Plan Proxecta. .......... 74
14. Contratos Programa. .......... 79

# 1. OBXECTIVOS

## 1.1 Obxectivos de carácter educativo

| Obxectivos | Medidas para desenvolver a súa consecución e recursos previstos para o efecto |
|---|---|
| 1.1.1 Implantar medidas de innovación que definen a liña do proxecto educativo. | a) MATERIAS CUADRIMESTRAIS: EN 3º da ESO, nas materias de dúas horas (FQ, Bioloxía, EPVA, Música)<br>b) MATERIAS AGRUPADAS: En 1º da ESO, Lingua Castelá, Matemáticas e XH, de xeito que están dous docentes en dúas aulas simultaneamente, e/ou a PT. Os docentes están coordinados e con deseño de tarefas específicas.<br>c) PROXECTOS ou TAREFAS, en colaboración coa Biblioteca, coa participación de gran número de departamentos.<br>d) INCLUSIÓN. O profesorado de apoio e/ou de Pedagoxía Terapéutica (PT) desenvolverán, como norma xeral, a súa labor dentro das aulas e o alumnado con necesidades educativas especiais estará escolarizado nas aulas ordinarias coas súas medidas oportunas de atención: ACIs, adaptacións metodolóxicas etc.<br>e) APRENDIZAXE COOPERATIVA: Consolídase o proxecto, vaise espallando o programa AC/CA no centro. Continúa funcionando a Comisión de AC, formación para profesorado de 1º, 2º e 3º ano e grupo de traballo. Apoiado dende as titorías e orientación.<br>f) POLÍTICA PORTAS ABERTAS. Aulas abertas-despachos abertos. Espazos colaborativos, abertos, tanto nos departamentos, como cara ás familias e ao alumnado. Traballar de xeito colaborativo entre materias e departamentos. Algúns docentes contarán con horas para apoiar a compañeiros e compañeiras do departamento na aula en grupos numerosos e con alumnado con necesidades educativas especiais.<br>g) DOCENCIA COMPARTIDA. Promocionar a docencia de varios profesores/as na mesma aula e polo tanto promocionar as clases activas: actividades e tarefas interactivas, clases dinámicas, participativas. |
| 1.1.2 Actualización dos Plans e Proxectos en vigor.<br>Actualización de Documentos. | a) Actualización do Proxecto Educativo de Centro, actualización **Plan de Convivencia e Plan de acción titorial**<br>b) Adecuación das **NOF** á normativa legal vixente.<br>**c)** Continuación da mellora do **Tratamento Integrado de Linguas**.<br>d) Revisión do **Plan de Igualdade**.<br>e) Continuación do **Plan Director e desenvolvemento do Plan dixital de centro**<br>f) **Actualización do PEM, elaborado o curso pasado** |
| 1.1.3 Ampliar as medidas de atención á diversidade | a) Prestar atención especial ao alumnado con necesidades educativas, coa creación de **agrupamentos flexibles** en 1º e 2º da ESO dentro da aula, e |

| | |
|---|---|
| | a docencia compartida como modelo inclusivo onde o profesorado da aula poda atender a todo o alumnado segundo as súas características.<br>b) Continuar con dous grupos **NESP integrado na aula de referencia (2ª e 3º ESO C).**<br>c) Solicitar a participación nos **Contratos Programa** da Consellería en todas as súas modalidades: CPInnova e CPInclúe.<br>d) Solicitar a participación nos Plans Proxecta: O monte vivo<br>e) Dispor medidas de **reforzo educativo** para o alumnado de 1º e 2º ESO en aplicación da Circular 8/2009, se hai dispoñibilidade de profesorado.<br>f) Utilizar as horas de reforzo de 2º ESO para apoiar, orientar e axudar á recuperación de materias pendentes: PLAN de RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES (dentro dos Contratos-Programa)<br>g) Realización das sesións de **avaliación inicial** no mes de outubro, e **informes de preavaliación** dos titores.<br>h) Tarxeta **Time Out**, **bicicleta** antiestrés, recuncho de boxeo, e **aula sensorial** para o alumnado TEA ou TDH para axudarlles no autocontrol. |
| 1.1.4 Ampliar as medidas de atención para acadar a excelencia | a) Continuar cos clubs de **manga**, taller **de costura**, **club de Ciencias** co departamento de Bioloxía.<br>b) Preparación dos exames para a proba dos **Premios de Extraordinario da ESO** e Bacharelato do alumnado.<br>c) Stembach: bacharelato de Excelencia con liñas de investigación con distintos departamentos da universidade e/ou centros de investigación.<br>d) Participación no programa de Certificación de Linguas Estranxeiras. 4ºESO, 1º e 2º Bach.<br>e) Celebración da Semana das Ciencias e das Letras: obradoiros, exposicións, charlas, feira do coñecemento… |
| 1.1.5 Contribuír á mellora e coidado dos espazos de recreo, interiores e exteriores ao centro. Plan de ecocentro: ecodelegados, plan de reciclaxe. | a) Restrinxir o acceso aos **corredores** e aulas no recreo. Apertura do espazo de traballo para o estudio para o alumnado de 4ºESO e BACH nos recreos e horas sen profesorado.<br>b) Continuar co Grupo de Mediación, formación en prácticas restaurativas para o profesorado.<br>c) Concienciar ao alumnado na procura de manter limpos os espazos públicos: aulas, corredores, patio,… Seguir co **plan de limpeza** nos corredores e no patio cos alumnos sancionados, e as quendas de limpeza por grupos.<br>d) **Plan de ecocentro**<br>• Concienciar ao alumnado no **aforro enerxético**: enerxía eléctrica, auga, gasóleo.<br>• Continuar co plan de **reciclaxe** de papel e reciclaxe de plástico.<br>• Fomentar medidas e hábitos que colaboren co **respecto ao medio ambiente e a redución de residuos.** |

| | |
|---|---|
| 1.1.6 Fomentar a participación do alumnado na organización do centro | a) Involucrar á **Xunta de Delegados** na organización de actividades e temas a tratar no Consello Escolar.<br>b) Continuar as **reunións periódicas cos Delegados** e Subdelegados coa xefa de estudos.<br>c) Elixir ao **Representante de Delegados**, e traballar en coordinación con eles nos temas que corresponda. |
| 1.1.7 Fortalecer a acción titorial cos alumnos en estreita colaboración co departamento de orientación e coa colaboración das nais e pais. | a) Rematar a actualización do **Plan de Acción Titorial**.<br>b) Establecer xornadas informativas cos responsables do alumnado na procura do fomento da **participación na acción educativa.**<br>c) Continuamos co programa de Parentalidade+ **para intentar** desenvolver a **Escola de familias** dende a ANPA. |
| 1.1.8 Dispor un abano de actividades a realizar no tempo de lecer como vehículo de socialización na procura da mellora da convivencia. | a) Este curso desenvolveremos as actividades extraescolares organizadas pola DACE<br>b) O alumnado conta nos recreos coa posibilidade de participar en actividades musicais, deportivas, xogos de mesa, obradoiros na biblioteca… que melloran notablemente a convivencia no día a día. |
| 1.1.9 Dinamizar a biblioteca como centro de oportunidades para o traballo coa lectura, a información e a aprendizaxe (LíA). | a) Apertura do espazo como un punto de encontro presencial ou virtual na biblioteca, convertida en viveiro de cidadanía.<br>b) Actualización dos fondos e promoción dos recursos.<br>c) Formación e información das persoas usuarias.<br>d) Deseño e desenvolvemento de programas para a adquisición de competencias informacionais e mediáticas.<br>e) Deseñar e desenvolver tarefas que fomenten a lectura, a escritura e as habilidades no uso, tratamento e produción de información |
| 1.1.10 Potenciar o uso normalizado da lingua galega | a) Superar os complexos lingüísticos manifestos ou subxacentes que poidan existir nos integrantes da nosa comunidade escolar á hora de empregar a nosa lingua.<br>b) Empregar a lingua galega en ámbitos relacionados coas novas tecnoloxías, a música, a ciencia, a arte, etc.<br>c) Favorecer un estado de reflexión serena e construtiva sobre a realidade lingüística deste centro en particular e da sociedade galega en xeral, de xeito que se sinta como propia a necesidade de potenciar a aprendizaxe, emprego e espallamento do noso idioma como vehículo comunicativo habitual fóra e dentro da vida académica.<br>d) Promover a creación de materiais atractivos e representativos da comunidade educativa ( orais e escritos), por exemplo unha revista.<br>e) Atraer o interese doutros sectores da comunidade educativa (nais, pais, persoal non docente, etc.) sobre o traballo desenvolvido polo EDLG e conseguir a súa implicación no desenvolvemento das actividades.<br>f) Transcender fóra do instituto e interaccionar con entidades e persoas alleas ao mesmo ( CCVV, Radio Valadares….)<br>g) Potenciar a investigación, difusión e coñecemento dos valores históricos e culturais de Galicia e ver neles a achega desta comunidade ao ben cultural universal. |

| | |
|---|---|
| 1.1.11 Fomentar a aprendizaxe en linguas estranxeiras:<br>- E-Twinning-Portugués.<br>- Presentación de solicitudes de Proxectos europeos<br>- Programa Vigo en Inglés<br>- Digital week<br>- Solicitude Springweek | a) As Seccións Bilingües.<br>b) Dispor dun/ha Auxiliar de Conversa para o apoio ás Seccións Bilingües procedente do programa Fullbright. Tamén continuamos con Isabel, profesora adxunta en lingua portuguesa.<br>c) Este ano procuraremos retomar a participación nalgún Proxecto Europeo a través de e-twinning.<br>d) Programas de Inmersión en Linguas Estranxeiras, como "Vigo en Inglés", becas da Xunta. Esperamos poder recuperar nun futuro o intercambio con Francia.<br>e) Este ano participamos co alumnado de 3º ESO no programa de inmersión lingüística da Digitalweek unha semana en Peares, e solicitaremos a Spring week a celebrar en maio. |
| 1.1.12 Reforzar a acción educativa coa realización de Actividades Complementarias e Extraescolares | a) Realización de **eventos culturais propios da nosa identidade**: Magostín, Festival de Nadal, Entroido, Letras Galegas...<br>b) Celebración da **Semana Cultural** no mes de marzo, onde centralizamos numerosas actividades para alumnado.<br>**c)** Celebración do **Festival de Gradación Fin de Curso** tanto para 4º ESO como 2º Bach.<br>d) **Coordinación de todas as actividades** de centro co equipo DACE e o de dinamización da Biblioteca (PLAMBE-LÍA) |
| 1.1.13 Continuar co avance das Tic e o emprego de ferramentas Moodle nas aulas.EDixgal.<br>Desenvolvemento do Plan Dixital. | a) Continuar coa formación do profesorado na mellora do emprego das **pizarras dixitais** e aulas virtuais, en ferramentas tecnolóxicas en xeral nas aulas.<br>b) Mellorar a **dotación de material audiovisual** e informático do centro.<br>c) Mantemento de **Edixgal en todos os cursos da ESO e mellora da conectividade nas aulas de bacharelato.** |
| 1.1.14 Desenvolver o PFPP | Participación no Plan de Formación de Profesorado, **PFPP**: Aprendizaxe cooperativo, Prácticas restaurativas, deseño e desenvolvemento curricular, observación interpares, plan dixital e polos creativos. |

## 1.2 Obxectivos con respecto á adquisición e utilización de equipamento e recursos

| Obxectivos | Medidas para desenvolver a súa consecución e recursos previstos para o efecto |
|---|---|
| 1.2.1 Actualizar o Inventario dos bens do Instituto | a) Solicitar ás Xefaturas dos Departamentos Didácticos a presentación da relación actualizada dos **medios inventariables.**<br>b) Elaborar o **inventario actualizado** dos medios propiedade do IES Valadares.<br>c) **Identificar** e etiquetar o material inventariado.<br>d) Proceder a retirar do inventario xeral aquel **material obsoleto** e/ou inservible. |

| | |
|---|---|
| 1.2.2 Solicitar á Consellería de Cultura, Educación e O. U. os medios e materiais que se consideren necesarios | a) Solicitar aos Departamentos Didácticos unha proposta para **petición de material**.<br>b) Elaborar unha **proposta de petición** de material única e elevala á Consellería de Cultura, Educación e O. U. |
| 1.2.3 Dotar ás aulas dos recursos precisos con cargo aos orzamentos do Instituto. | a) Os Departamentos Didácticos, a través da Comisión de Coordinación Pedagóxica, suxerirán a **adquisición de recursos** con cargo aos orzamentos do Instituto.<br>b) 1.2.3.2 Continuar coa **mellora no equipamento dos novos espazos** convertidos a aulas. |
| 1.2.4. Mellorar a dotación dos laboratorios e talleres do centro. | a) Utilizar os medios económicos dos plans específicos da Consellería para renovar os materiais dos laboratorios e talleres..<br>b) Solicitar material para laboratorios e talleres coa implantación do Bach**, MacroStemLab, e Polos Creativos** |

## 1.3 Obxectivos con respecto á mellora das instalacións

| Obxectivos | Medidas para desenvolver a súa consecución e recursos previstos para o efecto |
|---|---|
| 1.3.1 Mellorar os exteriores do instituto | a) Continuar coa mellora das plantas e arbustos no instituto.<br>b) Continuar co proxecto de reforestación con especies autóctonas; incolucrar ao alumnado no estudo e execución do mesmo.<br>c) Mantemento do invernadoiro escolar. Areeiro para investigacións arqueolóxicas.<br>d) Seguir promocionando o espazo exterior como lugar de traballo – aula. |
| 1.3.2 Continuar co mantemento axeitado das instalacións | a) Acometer as novas obras establecidas pola Unidade Técnica da Xefatura Territorial, polas deficiencias observadas nas instalacións e as filtracións de auga polo teito. Cambio da cuberta.<br>b) Contratar a limpeza ocasional dos espazos acristalados de difícil acceso e das pistas polideportivas.<br>c) Realizar o mantemento xeral das instalacións do centro, como caldeira, radiadores, pintado das aulas que o necesiten e outras zonas dos corredores.<br>d) Renovación do portalón de entrada.<br>e) Petición dun pavillón cuberto. |
| 1.3.3 Finalizar a adaptación das novas aulas. Reparación das ventás | a) Revisar posibles necesidades ou deficiencias nas mesmas para que non estean nunha situación de desigualdade con respecto ás demais.<br>b) Acometer o plan de mellora enerxética concedido pola Consellería para a optimización da iluminación do centro. |

| | |
|---|---|
| 1.3.4. Adquisición de **equipa-mento necesario.** , completar a megafonía no centro conectada coa radio, mobiliario, dotación de material e libros. | a) Completar a megafonía do centro conectada coa radio; adquisición de mobiliario, dotación de material e libros. |

### 1.4 Obxectivos con respecto á organización do centro e á información

| Obxectivos | Medidas para desenvolver a súa consecución e recursos previstos para o efecto |
|---|---|
| 1.4.1 Axilizar a información ás familias: ABALAR móbil, redes sociais e páxina web do centro | a) Implementar o uso de ABALAR MÓBIL para mellorar a calidade da información coas familias.<br>b) Actualización e implementación da páxina web do IES Valadares: transformar a web nun lugar de xestión e información completa para toda a comunidade educativa. onde os departamentos ofrezan toda a información, o centro ofreza todos os servizos virtuais e as familias e alumnado podan acceder á información xeral e cotiá. (Contrato-programa de calidade de centros co apoio de websdinámicas).<br>c) Continuar completando as aulas virtuais. Actualización e publicación nas Redes sociais do centro. Uso dos foros na aula virtual para a coordinación dos equipos docentes. |
| 1.4.2 Facilitar a relación directa entre titores/as e familias | a) Realizar unha xornada de benvida e presentación ao comezo do curso académico.<br>b) Requirir o apoio das familias que garanta un aproveitamento eficaz dos recursos no proceso educativo dos seus fillos e fillas.<br>c) Implementar o uso do Abalar.<br>d) Solicitar a renovación do programa Parentalidade+ |
| 1.4.3 Colaborar con actividades da contorna | a) Difundir a información das actividades que se leven a cabo desde o Centro Cultural.<br>b) Club de escoita: "Patrullas lectoras" de alumnado do centro que visitan presencial ou virtualmente aos nenos e nenas da Escola Infantil A galiña azul e do CEIP Sobreira e/ou outros centros. Aproveitar a cercanía do campus de Vigo da UVigo para visitas, charlas, obradoiros... |

## 2. HORARIO LECTIVO DO CENTRO

O horario lectivo do centro consta de 32 sesións lectivas repartidas do seguinte xeito:

Mañá de luns a venres:

Horario de comezo das actividades lectivas: 08:45

Horario de finalización das actividades lectivas: 14:15

Tarde do luns:

Horario de comezo das actividades lectivas: 16:30

Horario de finalización das actividades lectivas: 18:10

Cada día consta de seis sesións lectivas de 50 minutos, e oito os luns.

O recreo é as 11:15 h ata as 11:45 h. entre a 3ª e 4º sesión.

**Horas e condicións nas que estarán dispoñibles para o alumnado os servizos e instalacións do centro.**

O centro dispón dun servizo de transporte escolar mantido polo Servizo correspondente da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de Pontevedra.

Este servizo está planificado para que os/as alumnos/as cheguen ao centro non antes dos 10 minutos previos para o comezo das actividades lectivas. En calquera caso, a chegada dos autobuses debe producirse entre as 08:25 e as 08:40.

A apertura do portón de acceso ás instalacións do IES Valadares é ás 8:25 horas. Para a atención do alumnado transportado ao centro, haberá un profesor/a de garda durante os quince minutos anteriores ao comezo das actividades lectivas e os quince posteriores ao seu remate.

En todo caso, no horario lectivo do centro os/as alumnos/as teñen a súa disposición as instalacións de uso xeral das que dispón o centro coas regulacións e normativas vixentes no centro.

**Horas e condicións nas que o centro permanecerá aberto á disposición da comunidade escolar.**

A construción do centro en terreos da Comunidade de Montes de Valadares deu lugar ao seu illamento dos núcleos de poboación.

Este illamento ten como consecuencia que o centro non queda preto dos posibles usuarios que quixeran empregar as instalacións do centro para realizaren actividades complementarias.

Na actualidade, o centro está a disposición da comunidade escolar no horario lectivo. Os luns ao medio día permanecerá pechado, por non contar con horario de dedicación do persoal do centro nesta franxa.

**Horario de verán.**

Durante os meses de verán, o horario de atención na Administración do centro será de 9 a 13 horas.

Ao contar cun só administrativo, durante o mes de agosto non dispoñemos de persoal cualificado para desenvolver as tarefas administrativas do centro. Por esta razón, poñemos a disposición dos posibles demandantes do servizo un número de teléfono para solicitar a expedición de documentación no prazo máis breve posible.

### 3. ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS (TRANSPORTE)

Para realizar o servizo, o Servizo de Recursos Educativos Complementarios da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en Pontevedra pon a disposición do alumnado do centro un total de 9 autobuses que realizan cadansúa ruta de transporte.

En xeral, o horario das distintas liñas está establecido de xeito que o alumnado chegue ao IES Valadares arredor das 08:35 horas, é dicir, dez minutos antes do comezo das clases. No respecto á saída, os autobuses agardan polo alumnado ás 14:15 para iniciar o servizo de regreso aos seus domicilios.

Nas tardes do luns, o servizo se organiza de xeito similar adaptado ao horario lectivo deste período.

O número de alumnado transportado é de 453 repartido entre as nove liñas coas que contamos da empresa Monbus, do seguinte xeito:

| LIÑA | ALUMNADO TRANSPORTADO | LIÑA | ALUMNADO TRANSPORTADO |
|---|---|---|---|
| 1 | 55 | 6 | 52 |
| 2 | 55 | 8 | 55 |
| 3 | 54 | 9 | 32 |
| 4 | 38 | 10 | 55 |
| 5 | 55 | | |

**Liñas e paradas de transporte**

| | | | |
|---|---|---|---|
| Liña 1 | Praza do Rei<br>Pza. España<br>Gran Vía, 168 (Jesuitinas)<br>Castrelos CEIP Mestres Goldar<br>Cr. Falcoa<br>Cr. Camiño Estreitiño<br>Estr. Universidade 2º rotonda | Liña 2 | Avda. Castelao (Alcampo)<br>Avda. Europa, 21 (Amor de Dios)<br>Xuncal, 1 (Alameda)<br>Teixugueiras, 29 |
| Liña 3 | Igrexa S. Xoan<br>Estr. Balsa – Cño. Vilar<br>M. Cominges – Revolta<br>Avda. Castrelos, 458<br>Estr. Valadares<br>Cño. Foxo – Estr. Portal | Liña 4 | Canteiros – M. Cominges (CEIP Josefa Alonso)<br>M. Cominges – R. Revolta<br>M. Cominges – Juan Bastos<br>Estr. Moo – Campo fútbol<br>Estr. Moo – Baixada Moo<br>Biblioteca Freixo Estr. Moo<br>Estr. Regueiro – Cño. Pinguela |
| Liña 5 | Teixugueiras, 16<br>Teixugueiras, 22<br>Teixugueiras, 29 | Liña 6 | Bar Sobreira<br>Camiño da maquía<br>Parada Vitrasa<br>Bar Costiñas<br>Cruce Cño. Escola<br>Cruce Campo fútbol – Mte. Alba<br>Cruz da Pinguel- Estr. Freixo – Cño. Bértolo<br>Estr. Regueiro (A Pena)<br>Estr. Regueiro - Igrexa |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Liña 8 | Estr. Valadares – Cño. Simona<br>Estr. Valadares – Igrexa<br>Cruce Cño. Quintas<br>CEP Igrexa – Valadares<br>Estr. Valadares – As Barrocas<br>Estr. Valadares – Costa<br>Costa<br>Cruce da Pomba | Liña 9 | Estr. Universidade – Zamáns<br>Marcosende<br>Estr. Zamáns – Farmacia<br>Estr. Zamáns – Estr. Igrexa<br>Igrexa Zamáns<br>Canteiras<br>Alto S. Cosme |
| Liña 10 | Avda. Portanet, 8 (Frutas Sol)<br>Avda. Portanet, 36 (Tesla)<br>Avda. Fragoso, 96 (Cervecería Revi)<br>Avda. Florida, 86 (Supermercado Gadis)<br>Teixugueiras, 28 (Farmacia Navia 28) | | |

## 1. DOCUMENTO DE ORGANIZACIÓN DO CENTRO

Pendente de rematar, en XADE, a falta de algúns axustes. Unha vez rematado, o documento quedara baixo a custodia do centro.

## 2. ANEXO. PLAN DE ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DAS TAREFAS DE PERSOAL NON DOCENTE

O servizo de limpeza é realizado por persoal empregado público da Xunta. Contamos con 3 traballadoras en horario de 14:00 a 21:30h. durante os meses de curso escolar

O servizo de conserxería é desempeñado por dous empregadas en horario de 8:20 a 14:20 h e os luns de 16:15 a 18:20 h. durante o curso escolar e horario de mañá nos meses de xullo e setembro.

O centro conta cunha administrativa para as tarefas de secretaría e administración, cun horario de 8,45 a 14:15 horas.

# 1. Programa anual de Actividades Extraescolares DACE



## ÍNDICE

1. Introdución 2
2. Composición do departamento 2
3. Obxectivos para o curso 2022-23 3
4. Acividades complementarias e extraescolares do centro 4
    4.1. Conmemoracións 4
    4.2. Resto das actividades 8
        4.2.1. Saídas 9
        4.2.2. Charlas e obradoiros 13
        4.2.3. Clubs 15
5. Actividades por departamentos 17
6. Proxectos 30
7. Plans Proxecta 30
    7.1. Activistas polo mundo que queremos 30
    7.2. Querémonos sen etiquetas (Quérote +) 31
    7.3. As TICs escríbense en feminino (Rapazas emprendedoras nas TIC) 33
    7.4. Femishibai: por 365 días de respecto e igualdade 33
8. Contratos Programa 35
9. Consideracións finais 35

## 1. Introdución

O Decreto 324/1996 do 26 de xullo polo que se aproba o Regulamento Orgánico dos Institutos de Educación Secundaria sinala que o Departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares (DACE) encargarase de promover, organizar e facilitar este tipo de actividades.

Ademais nos artigos 61 e 62 do devandito Decreto indícase que son as actividades complementarias e extraescolares. Así, teñen carácter de **complementarias** aquelas actividades didácticas que se realicen co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñan carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan. Teñen carácter **extraescolar** aquelas, que sendo organizadas polo centro e figurando na programación xeral anual, se realizan fóra do horario lectivo e nas que a participación é voluntaria.

Por outra banda, a Orde do 1 de agosto de 1997 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1997 do 26 de xullo indica que a participación do alumnado nas actividades complementarias e extraescolares é voluntaria e requirirá autorización previa por escrito das familias ou titoras/es sempre que se desenvolvan fóra do centro. Non obstante, no noso centro aprobouse no Consello Escolar a conveniencia de participar nas actividades tanto complementarias como extraescolares. O feito de non facelo pode supoñer a exclusión das saídas de fin de curso.

Todos os departamentos didácticos teñen como función, segundo o Regulamento Orgánico de Centros, planificar e organizar actividades complementarias.

## 2. Composición do departamento

O Departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares do IES Valadares no curso 2023-24 está integrado por:

- Xefa do Departamento: Carmen Boado Aguinaga, vicedirectora.
- Andrea de la Torre Rocafort: Xefa do Departamento de Xeografía e Historia e coordinadora dos Clubs de lectura.
- Alejandro Mene Pazos: Xefe do Departamento de EPVA.
- Sonia Pereiro Cuenya: Xefa do Departamento de Música.
- Verónica Taboada Lorenzo: Coordinadora do Equipo de Dinamización da Lingua Galega.
- Begoña Vázquez Domínguez: Secretaria do equipo directivo e encargada da actualización da páxina web.
- Patricia Fernández Mariño: profesora de Xeografía e Historia e encargada da dinamización de redes sociais e das viaxes de fin de curso.
- Eugenia Fernández Fernández: profesora de Lingua Castelá e vicedirectora nos cursos 2021/2022 e 2022/2023.
- Para cada actividade concreta: o profesorado e alumnado responsables dela.

## 3. Obxectivos para o curso 2023-234

O obxectivo xeral das actividades complementarias e extraescolares do noso instituto é colaborar na formación en actitudes e valores de todos os membros da comunidade educativa. Neste senso seguiremos na liña de cursos anteriores realizando actividades e proxectos en concordancia co noso compromiso de traballar por unha educación de calidade, inclusiva, intercultural, respectuosa co medio ambiente e que lles dea resposta aos retos da Axenda 2030, que afrontan as responsabilidades derivadas dun mundo global e complexo.

A nosa longa traxectoria nese sentido vese reflectida en numerosas e diversas actividades, de carácter interdisciplinario e transversal, cunha metodoloxía participativa e socio-afectiva.

Os obxectivos que trataremos de acadar para o presente curso académico son:

- Deseñar un programa realista e o máis rigoroso posible no seu cumprimento, sen menoscabo das actividades do currículo oficial, e con especial respecto aos períodos de avaliación.
- Diversificar as actividades de xeito equitativo entre as distintas materias.
- Potenciar a participación nas actividades de todos os membros da comunidade educativa.
- Afondar na colaboración e intercambio de actividades cos centros educativos do noso contorno.
- Participar en proxectos, programas e actividades organizadas por outras Institucións (Concello, Xunta, Deputación, Empresas públicas...).
- Proporcionarlle ao alumnado a información relativa ás actividades, potenciando a difusión das mesmas mediante a xestión dos taboleiros e a actualización da páxina web do Centro, das nosas redes sociais e dos nosos blogs: Instagram, twitter, facebook, blog de O sobreiral das palabras.
- Potenciar o compromiso respecto de valores como a coeducación e igualdade, a tolerancia, a solidariedade, a loita contra a lgtbifobia ou a xenofobia e a inxustiza no noso entorno e a procura de vida saudable.
- Favorecer a participación de alumnado procedente de núcleos familiares desfavorecidos e que dificilmente tería acceso a determinadas actividades.
- Acadar os obxectivos específicos de cada actividade concreta organizada polos distintos departamentos.

# 4. Actividades complementarias e extraescolares do centro

## 4.1. Conmemoracións

Segundo a orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023-24, nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, e tamén tendo en conta as contribucións e ideas de determinados departamentos didácticos, durante o curso escolar celebraranse no noso IES actividades especiais nas datas e conmemoracións que logo sinalamos. As datas de desenvolvemento de ditas actividades son lectivas para todos os efectos e serán actividades gratuítas e dentro do horario lectivo.

| SAMAÍN / MAGOSTO | |
|---|---|
| OBXECTIVOS | • Celebrar unha festa popular que contribúa ao coñecemento do noso patrimonio cultural con xogos populares e magosto.<br>• Educar para o lecer, nunha actividade que implica a todo o IES.<br>• Decoración das portas do centro.<br>• Promover un concurso de aulas mellor ambientadas en 1º e 2º de ESO.<br>• Concurso de disfraces e photocall. |
| RESPONSABLES | DACE, Departamento de Artes Plásticas, Departamento de Educación Física e Deportiva, EDLG, Titorías, colaboración da ANPA, todo o claustro. |
| TEMPORALIZACIÓN | 31 de outubro |
| LUGAR DE CELEBRACIÓN | Portas e corredores do centro.<br>Patio, ximnasio, biblioteca. |
| PARTICIPACIÓN | Todo o IES |

| DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO | |
|---|---|
| OBXECTIVOS | ● Sensibilizar fronte a situación actual desta lacra social e promover valores de rexeitamento da violencia.<br>● Evitar a violencia de xénero en idades temperás.<br>● Participar no Concurso de imaxes gráficas e pezas audiovisuais con lemas de concienciación contra a violencia de xénero organizado pola Secretaría Xeral de Igualdade e da Consellería de Educación<br>● Participar nas actividades do programa Enlazavigo do Concello de Vigo: Charla de prevención da violencia de xénero para 4º ESO, exposición "Os chanzos da violencia", asistencia co Club Diversidade ao Mar de Vigo á Feira Enlazavigo.<br>● Realizar diferentes obradoiros de escritura e debuxo en relación cos chanzos da violencia de xénero.<br>● Levar a cabo un obradoiro con Noelia Míguez, supervivente de violencia de xénero (1º Bach). 8 novembro. |
| RESPONSABLES | DACE, Biblioteca, Comisión de Igualdade, Igualdade de Xénero, Departamento de Lingua Galega, Departamento de Lingua Castelá, Departamento de Artes Plásticas, Club de Diversidade, Titorías. |
| TEMPORALIZACIÓN | 25 de novembro e ao longo de todo o mes de novembro. |
| LUGAR DE CELEBRACIÓN | Aulas, recibidor do IES. |
| PARTICIPACIÓN | Todo o IES |

| NADAL | |
|---|---|
| OBXECTIVOS | ● Celebrar unha festa popular, educando para o lecer nunha celebración tradicional que implica a todo o IES.<br>● Nadal deportivo, para o alumnado de bacharelato, promovendo a actividade física para o tempo de lecer a través dun torneo deportivo. |

| | |
|---|---|
| | ● Levar a cabo un Festival de Nadal 2023 coa participación de todas as titorías que o desexen.<br>● Decorar o centro acorde á data.<br>● Facer un concurso de aulas mellor ambientadas en 1º e 2º de ESO.<br>● Promover un concurso de TARXETAS DE BOS DESEXOS para enviárllelas virtualmente ás familias cun lema, slogan... que anime á transmisión da lingua galega.<br>● Participar no festival de Nadal con panxoliñas.<br>● Promover un concurso e exposición de Christmas Cards. |
| RESPONSABLES | DACE, Biblioteca, Titorías, Departamento de Lingua Galega, Departamento de Inglés, Departamento de Artes Plásticas, EDLG. |
| TEMPORALIZACIÓN | 21 de decembro |
| LUGAR DE CELEBRACIÓN | Aulas, Aula Magna, distintos espazos do IES |
| PARTICIPACIÓN | Todo o IES |

| **DÍA DOS NAMORADOS** | |
|---|---|
| OBXECTIVOS | Dar a coñecer autoras e autores en lingua portuguesa a través da poesía. |
| RESPONSABLES | DACE, Departamento de Lingua Galega. |
| TEMPORALIZACIÓN | 14 de febreiro |
| LUGAR DE CELEBRACIÓN | Espazos por determinar. |
| PARTICIPACIÓN | Alumnado por determinar. |

| **DÍA DE ROSALÍA** | |
|---|---|
| OBXECTIVOS | ● Visibilizar a figura de Rosalía de Castro a través de recitais poéticos e ambientación acorde á data. |

| | |
|---|---|
| RESPONSABLES | DACE, EDLG, Biblioteca, Departamento de Artes Plásticas, Titorías |
| TEMPORALIZACIÓN | 24 de febreiro |
| LUGAR DE CELEBRACIÓN | Por determinar |
| PARTICIPACIÓN | Alumnado por determinar |

| **ENTROIDO** | |
|---|---|
| OBXECTIVOS | • Celebrar unha festa popular que contribúe o coñecemento do noso patrimonio cultural.<br>• Educar para o lecer, nunha actividade que implica a todo o centro.<br>• Visibilizar as figuras do entroido tradicional.<br>• Decorar as aulas e distintos espazos do centro.<br>• Promover un concurso de aulas mellor ambientadas en 1º e 2º de ESO. |
| RESPONSABLES | DACE, EDLG, Biblioteca, Departamento de Artes Plásticas, Titorías. |
| TEMPORALIZACIÓN | 9 de febreiro |
| LUGAR DE CELEBRACIÓN | Aulas, patio e distintos espazos do centro ou outros espazos por determinar. |
| PARTICIPACIÓN | Todo o centro |

| **DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES** | |
|---|---|
| OBXECTIVOS | • Concienciar ao alumnado da desigualdade por razón de xénero que sufriron e sofren as mulleres polo feito de selo.<br>• Rexeitar as actitudes sexistas.<br>• Realizar distintos obradoiros sobre igualdade de xénero<br>• Promover algunha actividade de visibilización que implique a todo o centro. |

| | |
|---|---|
| RESPONSABLES | DACE, EDLG, Biblioteca, Departamento de Artes Plásticas, Departamento de Música, Titorías |
| TEMPORALIZACIÓN | 8 de marzo |
| LUGAR DE CELEBRACIÓN | Espazos por determinar. |
| PARTICIPACIÓN | Todo o centro. |

| **DÍA DA POESÍA** | |
|---|---|
| OBXECTIVOS | • Aprender a gozar da poesía en calquera lingua.<br>• Preparar exposicións e recitais poéticos, como por exemplo o de Marta Dacosta (por confirmar) |
| RESPONSABLES | DACE, EDLG, Biblioteca, Departamentos de linguas. |
| TEMPORALIZACIÓN | 21 de marzo |
| LUGAR DE CELEBRACIÓN | Biblioteca e outros espazos do centro por determinar. |
| PARTICIPACIÓN | Por determinar. |

| **SEMANA DAS CIENCIAS E DAS LETRAS** | |
|---|---|
| OBXECTIVOS | • Visualizar o traballo realizado polo alumnado nos diferentes proxectos interdisciplinarios.<br>• Ofrecer ao alumnado experiencias didácticas diferentes impartidas por persoas expertas: charlas, visitas, obradoiros….<br>• Acadar unha aprendizaxe significativa e unha motivación cara ao estudo e o saber.<br>• Aprender a organizar eventos. |
| RESPONSABLES | DACE, EDLG, Biblioteca, Departamento de Lingua Galega, Departamento de Educación Física |
| TEMPORALIZACIÓN | Semana anterior a Semana Santa |
| LUGAR DE CELEBRACIÓN | Todo o centro: biblio, aulas, stemlab, polo creativos, talleres tecno, ximnasio, pistas deportivas... |
| PARTICIPACIÓN | Por determinar. |

| DÍA DO LIBRO | |
|---|---|
| OBXECTIVOS | • Aprender a gozar da literatura en calquera lingua.<br>• Reflexionar sobre a importancia dos libros como fonte de desenvolvemento persoal e social. |
| RESPONSABLES | DACE, Biblioteca. |
| TEMPORALIZACIÓN | 24 de abril |
| LUGAR DE CELEBRACIÓN | Biblioteca e outros espazos do centro por determinar. |
| PARTICIPACIÓN | Por determinar |

| REVOLUÇAO DOS CRAVOS | |
|---|---|
| OBXECTIVOS | Conmemorar a revolución portuguesa dos cravos para achegar ao alumnado o coñecemento do país. |
| RESPONSABLES | DACE, Departamento de Lingua Galega. |
| TEMPORALIZACIÓN | 25 de abril |
| LUGAR DE CELEBRACIÓN | Espazos por determinar. |
| PARTICIPACIÓN | Por determinar. |

| OS MAIOS - DÍA LETRAS GALEGAS | |
|---|---|
| OBXECTIVOS | • Celebrar o Día das Letras Galegas.<br>• Promover o uso do galego como lingua vehicular do centro.<br>• Valorar a cultura e a literatura galega.<br>• Difundir a figura e a obra de Francisco Fernández del Riego a quen se lle dedica o 17 de maio deste ano.<br>• Plantar unha sobreira.<br>• Cantar o himno galego en todas as clases. |

| | |
|---|---|
| | ● Crear carteis explicativos da orixe da celebración que se difundirán a través da AV e das redes sociais. |
| RESPONSABLES | DACE, EDLG, Biblioteca, Departamento de Lingua Galega, Departamento de Artes Plásticas. |
| TEMPORALIZACIÓN | Do 16 ao 20 de maio. |
| LUGAR DE CELEBRACIÓN | Distintos espazos do centro. |
| PARTICIPACIÓN | Toda a comunidade educativa en modo por determinar. |

### 4.2. Resto das actividades

Ao longo do curso, o profesorado e os departamentos didácticos poderán modificar ou propoñer novas actividades. Todas elas, dentro do horario escolar, son de carácter complementario, e, ao atoparse recollidas na programación didáctica de cada departamento, son de asistencia obrigatoria para o alumnado dos cursos que se indican. O alumnado dos cursos, áreas e materias sinaladas sairán das actividades habituais para asistir ás que a continuación se detallan.

A participación do alumnado nas actividades complementarias e extraescolares, a realizar fóra do Centro, requirirá a autorización previa por escrito das familias. No suposto de que esta non sexa outorgada, a dirección arbitrará a forma máis conveniente para atender ao alumnado que non participe nelas.

As saídas serán comunicadas a inspección educativa cun mínimo de 24 horas de antelación, facendo constar o departamento que as programa, profesorado acompañante e os cursos e alumnado implicados. Os alumnos e alumnas serán acompañados polo profesorado correspondente na proporción dun profesor ou profesora por cada vinte alumnos/as.

#### 4.2.3. Clubs

Este curso temos previsto un cambio na temporalización e horarios dos clubs. Xa non quedarán nos mediodías de todos os luns e cada club elaborará un calendario de reunións que van dende algúns recreos, algúns luns e algunhas tardes fóra dos luns con horario intensivo de tres horas. Algúns destes clubs xa son de longa tradición no noso centro.

- Club de lectura: Lendo no Galiñeiro.
- Club de manga: Manganiakos.
- Club de diversidade.
- Club de costura.
- Club de ciencias.
- Grupos de rock do instituto: hora de ensaio.


EN
TROI
DO
'22
ENTROIDO
CARNAVAL
21
CREANDO EN GALEGO
GALEGO
e + NO SÉCULO XXI

## 5. Actividades por departamentos

| **Curso**: 23-24 | **Departamento**: ORIENTACIÓN | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Data** | **Nome da Actividade** | **Coordinador/a** | **Grupo/s destinatario/s** | **Obxectivos** | **Tipo** (1*) E/C |
| OUTUBRO/ NOVEMBRO | Charla Plan Director para a Convivencia-Novas tecnoloxías- **Policía Nacional** | Mirian Cortiñas | 1º ESO | - Coñecer os riscos que podemos atopar a través da rede Internet.<br>- Afondar nas posible sancións por uso indebido de imaxes e outros datos de carácter persoal nas redes sociais.<br>- Aclarar que é o ciberacoso e como evitalo. | C |
| OUTUBRO/ NOVEMBRO | Charla Plan Director para a Convivencia-Acoso escolar- **Policía Nacional** | Mirian Cortiñas | 2º ESO | - Clarificar condutas de acoso e ciberacoso.<br>- Aprender a previlo/tratalo dende os grupos-clase. | C |
| Novembro Decembro Xaneiro Febreiro | Obradoiro Prevención Drogodep.- **Concello Vigo/ Érguete** | Mirian Cortiñas | 2º e 3º ESO | - Falar de habilidades sociais como a asertividade, empatía ou resolución de conflitos en relación co non abuso de sustancias.<br>- Buscar a participación activa do alumnado en debates, interaccións na aula e actividades que se propoñan. | C |
| Decembro | Vista EASD Antonio Failde | Mirian Cortiñas | 2º Bach Artes | - Coñecer a oferta educativa da escola de primeira man | C/E |
| Xaneiro | Charla **Uvigo** | Mirian | 2º Bach | - Orientar sobre o acceso á universidade. | C |
| Xaneiro | Charla **USC** | Mrian | 2º Bach | - Orientar sobre o acceso á universidade. | C |
| Febreiro | Viista campus USC /EASD Mestre Mateo | Mirian | 2º Bach | - Coñecer a oferta educativa da escola de primeira man | C/E |
| | | | | | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Marzo | Charla educación afectivo sexual- **Quérote +** | Carmen* | 3º ESO | - Revisar conceptos relacionados coa afectividade, as relacións sexuais, a diversidade afectiva, etc.<br>- Afianzar autoimaxe persoal no alumnado.<br>- Fomentar condutas inclusivas e de igualdade de xénero. | C |
| | | | | | |
| Abril | Charla sobre lesións medulares **Cogami** | Euge<br>Mirian | 1º Bach | - Concienciar acerca dos riscos de lesión medular en distintas situacións.<br>- Coñecer de primeira man a experiencia dunha persoa con diversidade funcional que permanece en cadeira de rodas. | C |
| Decembro | **APAMP**- Deporte Adaptado | Departamento Ed.Física<br>Marcos<br>Mirian | | - Sensibilizar aoa alumnado con respecto ás persoas con diversidade funcional.<br>- Dar a coñecer deportes adaptados e poñer en valor ás persoas con diversidade funcional. | C |
| Todo o curso | Celebración do día do Síndrome de Down (21 de marzo).<br>Sensibilización | Marcos<br>Mirian | | - Dar a coñecer as características do SD e as potencialidades das persoas con SD e diversidade funcional.<br>- Desenvolcer no alumnado valores de respecto e tolerancia cara as diferenzas. | C |
| Marzo | Saída aos centros de FP | Mirian | | - Vivenciar e coñecer os módulos de FP Medio nos IES próximos á zona | C |

| **Curso**: 23-24 | **EQUIPO DE IGUALDADE** | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Data** | **Nome da Actividade** | **Coordinador/a** | **Grupo/s destinatario/s** | **Obxectivos** | **Tipo** (1*) E/C |
| Novembro | Obradoiro educación afectivo-sexual **Alborada** | Euge<br>Marcos<br>Mirian | 1º ESO | - Educar na afectividade e bo trato nas relacións íntimas.<br>- Coñecer o propio corpo e afianzar a imaxe persoal. | C |
| Novembro | Charla Violencia de xénero **Noelia Míguez** | Euge<br>Marcos | 1º Bach | - Concienciar acerca das condutas que conforman a violencia de xénero.<br>- Sensibilizar ao alumnado ante esta problemática social dende unha experiencia en primeira persoa. | C |
| Novembro | Formación contra a VX | Euge<br>Marcos | 4º ESO | - Sensibilización cara á violencia de xénero para recoñecela nos seus primeiros chanzos. | |
| Novembro | Participación no evento EnlazaVigo no Auditorio Mar de Vigo | Euge<br>Marcos | Club de Diversidade | - Participación nun acto que servirá para fomentar o espírito de convivencia entre as persoas que conforman o Club de Diversidade. | |
| Novembro | Creación do Punto Lila | Coordinación de Igualdade EPVA | Todo o alumnado | - Visibilización contra a VX mediante a creación dun espazo fixo de información e documentación. | |
| Novembro | Conmemoración do 25N | Equipo de Igualdade | Todo o alumnado | - Favorecer a igualdade efectiva entre mulleres e homes.<br>- Desenvolver valores de respecto e tolerancia.<br>- Evitar comportamentos sexistas.<br>- Reducir os estereotipos sexistas. | C |
| Decembro | Exposición itinerante "Microma-chismos. Pasemos á acción". | Euge<br>Marcos | Todo o alumnado | - Visibilizar a presencia dos micromachismos na nosa vida cotiá. | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Xaneiro | Obradoiro educación afectivo sexual<br>**José Cabido** | Euge<br>Marcos | 4º ESO<br>Profesorado? | - Educar na afectividade e bo trato nas relacións íntimas.<br>- reflexionar sobre os estereotipos sexistas nas relacións persoais e íntimas. | C |
| Febreiro | Talleres de linguaxe inclusiva<br>**Universidade de Vigo** | Euge<br>Fita<br>Marcos | 3º ESO | - Recoñecer a importancia da linguaxe como fonte de discriminación.<br>- Por en práctica e adquirir conceptos clave dunha linguaxe inclusiva. | C |
| Marzo | Celebración do 8M | Equipo de Igualdade | Todo o alumnado | - Favorecer a igualdade efectiva entre mulleres e homes.<br>- Desenvolver valores de respecto e tolerancia.<br>- Evitar comportamentos sexistas.<br>- Reducir os estereotipos sexistas. | C |
| Marzo | Obradoiro diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar<br>**Nós Mesmas** | Euge<br>Marcos | 4º ESO | - Revisar conceptos relacionados coa diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar.<br>- Desenvolver valores no alumnado de respecto e tolerancia cara a diversidade. | C |
| Marzo | Celebración do día da visibilidade Trans | Euge<br>Marcos<br>Asun | Todo o alumnado | - Sensibilizar e visibilizar as identidades diversas.<br>- Desenvolver valores de respecto no alumnado con respecto ás diversas condicións, identidades e/ou orientacións afectivo.sexuais. | C |
| Marzo | Talleres de diversidade afectivo-sexual co alumnado do CEIP Sobreira-Valadares | Euge<br>Marcos | Alumnado Club de Diversidade | - Sensibilizar e visibilizar as identidades diversas.<br>- Desenvolver valores de respecto no alumnado con respecto ás diversas condicións, identidades e/ou orientacións afectivo.sexuais. | C |
| Abril | Celebración do día do libro de temática LGBTIQA+. | Euge<br>Marcos<br>Asun | Todo o alumnado | - Dar a coñecer e visibilizar os fondos bibliográficos da biblioteca vinculados con esta temática.<br>- Desenvolver valores de respecto no alumnado con respecto ás diversas condicións, identidades e/ou orientacións afectivo.sexuais. | C |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Maio | Celebración do día en contra da LGBTIQFobia. | Euge<br>Marcos | Todo o alumnado | - Desenvolver valores de respecto no alumnado con respecto ás diversas condicións, identidades e/ou orientacións afectivo.sexuais. | C |
| Maio | Encontro equipos de igualdade. | Euge<br>Marcos | Alumnado Club de Diversidade | - Coñecer o traballo doutros equipos de igualdade da cidade/comarca. | C/E |
| Maio | Talleres diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar | Euge<br>Marcos<br>Titorías 2º ESO | 2º ESO | - Desenvolver valores de respecto no alumnado con respecto ás diversas condicións, identidades e/ou orientacións afectivo.sexuais. | C |
| Ao longo do curso | Patrullas lectoras | Euge<br>Marcos<br>Asun | Todo o alumnado | - Reflexionar a través da lectura sobre as situacións de discriminación derivadas do xénero e/ou do sexo.<br>- Evitar comportamentos sexistas.<br>- Reducir os estereotipos sexistas.<br>- Desenvolver valores de respecto no alumnado con respecto ás diversas condicións, identidades e/ou orientacións afectivo.sexuais. | C |
| Ao longo do curso | Talleres igualdade de xénero **Deputación de Pontevedra** | Equipo de Igualdade | Todo o alumnado | - Favorecer a igualdade efectiva entre mulleres e homes.<br>- Desenvolver valores de respecto e tolerancia.<br>- Evitar comportamentos sexistas.<br>- Reducir os estereotipos sexistas. | C |

| **Curso**: 23-24 | **Departamento**: Biblioteca | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Data** | **Nome da Actividade** | **Coordinador/a** | **Grupo/s destinatario/s** | **Obxectivos** | **Tipo** (1*) E/C |
| Marzo | Visita biblioteca pública | Asun e Marcos | 1º ESO | Coñecer o funcionamento das bibliotecas públicas.<br>Descubrir un dos barrios da cidade. | C |
| Semana cultural | Micro aberto<br>Día da Poesía | Alejandra | ESO<br>1º BACH | Recitar e escoitar poesía.<br>Fomentar o recitado de poesía coma un acto de relevancia cultural e social. | C |
| Abril | Día do Libro | Asun | ESO<br>1º BACH | Fomentar a lectura e a importancia do libro na nosa comunidade educativa. | C |
| 1º, 2º ou 3º trimestre | Obradoiros nos recreos | Asun | Todo o alumnado | Deseñar e desenvolver propostas que fomenten a aprendizaxe autónoma e a solidariedade nos recreos. | C |
| Semana cultural | Biblioteca humana | Alejandra | Todo o alumnado | Fomentar a oralidade, o diálogo, o encontro e o intercambio de experiencias. | C |
| 1º, 2º ou 3º trimestre | Saída do *Club de escoita* | Andrea | ESO | Compartir a lectura cos demais.<br>Fomentar as lecturas compartidas. | C |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 2º trimestre | Saída do *Club de lectura* | Andrea | ESO | Reflexionar sobre a relación da literatura ca contorna.<br>Fomentar as lecturas compartidas. | C |
| 2º trimestre | Saída do grupo de voluntariado da biblioteca | Asun | ESO | Favorecer a convivencia do alumnado que axuda na biblioteca.<br>Reflexionar sobre a relación da literatura ca contorna.<br>Fomentar as lecturas compartidas. | C |

| **Curso**: 23-24 | **Departamento**: NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Data** | **Nome da Actividade** | **Coordinador/a** | **Grupo/s destinatario/s** | **Obxectivos** | **Tipo** (1*) E/C |
| Magosto | Magosto con pandeiretas e gaitas<br>Mostra de instrumentos de percusión tradicional | Verónica<br>Marilú | | | |
| Entroido | O entroido tradicional | Verónica | | | |
| 23 DE FEBREIRO | Día de Rosalía | Verónica Iolanda | | | |
| 21 MARZO | Día da poesía. | Verónica e Iolanda | | | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Maio | Os maios<br><br>Letras galegas | Verónica, Iolanda | | Escultura<br><br>Sobreira<br><br>Acto<br><br>Colaboración co Centro Cultural e Veciñal de Valadares para a "difusión" de Luísa Villalta entre a poboación de Valadares. | |
| 1º/2º / 3º trimestre | Curso de pandeireta nos recreos | Verónica/Marilú | Alumnado, profesorado, persoal non-docente | | |
| Por decidir | Conferencia/obradoiro de Henrique Costas e/ou Ana Iglesias | Verónica/Iolanda | Bacharelato | Análise de estereotipos e prexuízos lingüísticos. | |
| Semana cultural | Final Concurso "Pasapalabra" | Verónica/Iolanda | | | |
| Semana Cultural | Obradoiro co neurocientífico Xurxo Mariño | Verónica/Iolanda | | | |
| Decembro | No Nadal, concurso de TARXETAS DE BOS DESEXOS para enviárllelas virtualmente ás familias cun lema, slogan ... que anime á transmisión da lingua galega. | | | | |
| Nadal/ Entroido | Danzas brancas | Marilú | | | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **CREACIÓN DE ESPAZOS** | Creación do ***Cartafol de poesía,*** espazo na entrada do centro para difundir poesía e asemade para fomentar a creación literaria. | | | | |
| **3º trimestre** | Correlingua | | 1º ESO e/ou 2º ESO | | |

| **Curso**: 23-24 | **Departamento**: LINGUA GALEGA E LITERATURA | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Data** | **Nome da Actividade** | **Coordinador/a** | **Grupo/s destinatario/s** | **Obxectivos** | **Tipo** E/C |
| 26 OUTUBRO<br>9 NOVEMBRO | OBRADOIRO DE REGUEIFAS<br>" " | | 2º ESO C<br>2º ESO D | A mellora da competencia lingüística en galego e o desenvolvemento da creatividade. | |
| 24 NOVEMBRO | CERTAME DE REGUEIFAS No Centro cultural e veciñal de Valadares( se nos escollen) | | 2º ESO C<br>2ºESO D | | |
| 3ª AVALIACIÓN | Visita á casa-museo de Rosalía de Castro | Iolanda | 1º BACH A,B | Coñecemento do contexto vital e literario da autora. | |
| 2ªou 3ª | Percorrido con xogo de pistas por Bouzas e Alcabre | Verónica/ Iolanda | 2º ESO | A achega ao coñecemento dende o propio referente. | |
| 3ª AVALIACIÓN | Curros Enríquez/ Celso Emilio/ Ferrín en **Celanova e Vilanova dos Infantes.** | | 3º ESO | Coñecemento do contexto vital e literario dos autores. | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 3ª AVALIACIÓN | Obradoiro de regueifas | | 2º ESO | | |
| 1ª AVALIACIÓN | Obradoiro de regueifa con **Alba María** | Alba María, Marilú e Iolanda | ESO | | |
| | Participación no Contrato-programa **Monte vivo** | Marilú | Varios cursos e en colaboración con outros departamentos : bioloxía, plástica... | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| **PORTUGUÉS** | | | | | |
| 1º trimestre | Obradoiro de cante alentejano con Alba María | Alba María, Marilú e Iolanda | Alumnado de portugués. | | |
| **2º ou 3º trimestre** | - Programa de intercambio dun día cunha Escola Secundaria de Portugal para o alumnado de Portugués de 1º, 2º, 3º ESO ou 4º ESO.<br>Localizacións posíbeis: MELGAÇO | Marilú e Isabel | SEN DECIDIR | | |
| | Asistencia a unha representación teatral a través do Instituto Camões | Marilú e Isabel | Se se puider, todo o | | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Aínda sen confirmar data | nun instituto de Galiza ou norte de Portugal, para o alumnado de Portugués de 1º, 2º, 3º e cuarto da ESO. | | alumnado de portugués. | | |
| 14 de febreiro | Conmemoración do Día dos Namorados a través da poesía, co fin de dar a coñecer autoras e autores en lingua portugesa. | Marilú | Traballo de todo o alumnado de portugués. | O coñecemento de poetas e poesía de amor en portugués. | |
| 25 de abril | Conmemoración da "Revolução dos Cravos" | Marilú | Traballo de todo o alumnado de portugués | O achegamento á historia do país. | |
| Ao longo do curso | Participación na revista: *Português com asas en* colaboración cunha escola de Estremadura. | Marilú e Isabel | Traballo de todo o alumnado de portugués. | | |
| 3ª aval | Saída didáctica a Braga ou Ponte de Lima | Marilú e Isabel | Alumnado de portugués. | | |
| 3º Trimestre | Exames certificación Camões | Marilú | | | |

| **Curso**: 23-24 | **Departamento**: Lingua Castelá e Literatura | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Data** | **Nome da Actividade** | **Coordinador/a** | **Grupo/s destinatario/s** | **Obxectivos** | **Tipo** E/C(*) |
| 24 de abril<br>(1º ESO A e B)<br>29 de abril<br>(1º ESO C e D) | Visita biblioteca pública | Asun e Marcos | 1º ESO | Coñecer o funcionamento das bibliotecas públicas.<br>Descubrir un dos barrios da cidade. | C |
| 1º, 2º ou 3º trimestre | Saídas á contorna | Asun | 1º ESO | Relacionar o aprendido nas tarefas coa sua contorna. | C |
| 1º, 2º ou 3º trimestre | Representación teatral | Azucena | 2º ESO | Participar nunha representación teatral.<br>Fomentar o teatro coma un acto cultural. | C |
| 1º, 2º ou 3º trimestre | Representación teatral | Euge | 3º ESO | Participar nunha representación teatral.<br>Fomentar o teatro coma un acto cultural. | C |
| Semana Cultural | Saída literaria | Euge | 3º ESO | Reflexionar sobre a relación da literatura ca contorna. | |
| 1º, 2º ou 3º trimestre | Lectura compartida AFAGA | Euge | 3º ESO | Fomentar a convivencia entre diferentes xeracións tendo a lectura como punto de unión e de encontro. | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 1º, 2º ou 3º trimestre | Colaboración aula hospitalaria Cunqueiro | Euge | 3º ESO | Favorecer o encontro e a convivencia entre alumnado de diferentes centros | |
| Abril | Lectura en voz alta | Azucena | 2º e 3º ESO<br>1º BACH | Favorecer espazos e rutinas de lectura.<br>Fomentar a lectura compartida. | C |
| 1º, 2º ou 3º trimestre | Encontro literario virtual | Alejandra | 4º ESO | Promover a lectura establecendo contacto coa autora do libro. | |
| Semana cultural | Micro aberto<br>Día da poesía | Alejandra | 4º ESO<br>1º ESO | Recitar e escoitar poesía.<br>Fomentar o recitado de poesía coma un acto de relevancia cultural e social. | C |

| **Curso**: 23-24 | **Departamento**: Música | | |
|---|---|---|---|
| **Data** | **Nome da Actividade** | **Grupo/s destinatario/s** | **Tipo**<br>E/C (*) |
| 1º trimestre | Visita ao Museo Liste: Exposición *Instrumentos humildes* | 2º ESO | C |
| 2º trimestre | Obradoiro sobre respiración e técnica vocal | 2º ESO | C |
| 2º trimestre | Obradoiro de percusión | 3º / 4º ESO | C |
| 3º trimestre | Obradoiro de Theremin | 3º / 4º ESO | C |

| **Curso**: 23-24 | **Departamento**: Relixión | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Data** | **Nome da Actividade** | **Coordinador/a** | **Grupo/s destinatario/s** | **Obxectivos** | **Tipo** E/C (*) |
| 1º trimestre<br>Decembro | Visita a un Belén da Casa das Artes, S. Francisco, | Margarita Vázquez Cabo | 1º / 2º ESO Relixión | Obxectivo: Espertar o interés polas tradicións e expresións culturais. | C |
| 2º trimestre<br>06/02/2024 | Ciclo de Cine Social Cáritas e<br>Visita a Intermón Oxfam (Vigo) | Margarita Vázquez Cabo | 2º ESO Relixión | Obxectivo: OS COIDADOS/ECOLOXÍA INTEGRAL | C |
| 3º trimestre<br>Abril | Visita /Obradoiro á Fundación Sales (Vigo) | Margarita Vázquez Cabo | 3º ESO Relixión | Obxectivo: OS COIDADOS/ECOLOXÍA INTEGRAL<br>Sensibilización sobre o Coidado do Planeta. | C |

| **Curso**: 23-24 | **Departamento**: Xeografía e Historia | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Data** | **Nome da Actividade** | **Coordinador/a** | **Grupo/s destinatario/s** | **Obxectivos** | **Tipo** E/C (*) |
| Por concretar (2ª Avaliación) | Visita ao Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre de Campolameiro | Andrea | 1ºESO | • Coñecer o patrimonio arqueolóxico galego para aprender a valoralo e conservalo.<br>• Identificar a conexión de Galicia cos procesos históricos da Prehistoria | C |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Semana Cultural (2ª Avaliación) | Visita á catedral de Santiago e Museo do Pobo Galego | Marga | 2ºESO | • Coñecer o patrimonio galego para aprender a valoralo e conservalo. | C |
| 1ª Avaliación (data por confirmar) | Visita ás institucións (Parlamento e Xunta) | Lucio e Rocío | 3º ESO | • Coñecer as institucións galegas. | C |
| Por concretar (3ª Avaliación) | Saída a Cambados a ver as mariscadoras. | Rocío/Lucio /Patri | 3º ESO | • Coñecer a importancia do sector pesqueiro e o seu peso na economía de Galicia. | C |
| 2ª Avaliación | Visita Salinae e Toralla | Lucio e Rocío | 3º ESO (Cultura Clásica) | • Coñecer o patrimonio arqueolóxico galego para aprender a valoralo e conservalo. | |
| Por concretar (3ª Avaliación) | Actividade memoria histórica de 4º ESO | Patricia/Lucio | 4º ESO | • Coñecer as fontes orais como recurso para reconstruír os feitos do pasado | C |

| **Curso**: 23-24 | **Departamento**: Inglés | | |
|---|---|---|---|
| **Data** | **Nome da Actividade** | **Grupo/s destinatario/s** | **Tipo** E/C (*) |
| 2º trimestre (16 de xaneiro) | Tres charlas culturais impartidas un ponente inglés da editorial Burlington. | 2º BACHARELATO + 3º ESO<br>Desenvolvemento da competencia plurilingüe e aspectos socioculturais do mundo anglosaxón.Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e compartindo as semellanzas e as diferenzas entre linguas e culturas, para actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais. | C |

| | | | |
|---|---|---|---|
| 2º trimestre)<br><br>1 de febreiro | Conta contos en inglés-galego | 1º ESO + 1º BACHARELATO<br><br>Desenvolvemento da competencia plurilingüe. Coñecemento da literatura inglesa e galega. Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e compartindo as semellanzas e as diferenzas entre linguas e culturas, para actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais. | C |

| **Curso**: 23-24 | **Departamento**: Física e Química | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Data** | **Nome da Actividade** | **Coordinador/a** | **Grupo/s destinatario/s** | **Obxectivos** | **Tipo** E/C (*) |
| Marzo / Abril | Excursión a Coruña | Dep. Física e Química | 2º / 3º ESO | Visitar a Casa das Ciencias / MUNCYT | C |
| Marzo / Abril | Visita ao CUVI | Dep. Física e Química | 2º BACH | Visitar os laboratorios da Facultade de Química + visita a unha facultade de enxeñería | C |
| Maio/Xuño | Olimpiada de Química | Dep. Física y Química | 3º / 4º ESO | Superación de diferentes retos de tipo lúdico e realización de prácticas de laboratorio na Facultade de Química. | C |

| **Curso**: 23-24 | **Departamento**: EPVA | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Data** | **Nome da Actividade** | **Coordinador/a** | **Grupo/s destinatario/s** | **Obxectivos** | **Tipo** E/C (*) |
| 1º Trimestre | Visita EASD Antonio Faílde de Ourense e Catedral | Álex Mene | Bacharelato de Artes | | |
| 1º Trimestre | Visita Facultade de Vila Nova de Cerveira | Álex Mene | Bacharelato de Artes | | |
| 2º Trimestre | Sesión Cine V.O. en Multicines Norte Vigo | Álex Mene | Bacharelato de Artes | | |
| 2º Trimestre | Visita Universidade de Santiago, CGAC e Catedral | Belén | Bacharelato de Artes | | |
| 2º Trimestre | Visita ESAD de Vigo. | Álex Mene | Bacharelato de Artes | . | |

| **Curso**: 23-24 | **Departamento**: Bioloxía | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Data** | **Nome da Actividade** | **Coordinador/a** | **Grupo/s destinatario/s** | **Obxectivos** | **Tipo** E/C (*) |
| 2ºtrimestre | Saída para coñecer os ecosistemas dos arredores | Manuel | 1º ESO | Trátase dun itinerario guiado co obxetivo de dar a coñecer os hábitats e a flora e fauna da zona | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 2º trimestre | Saída para coñecer un ecosistema característico da zona | Silvia Pascual | 4ºESO | Saída co obxetivo de dar a coñecer os hábitats e a flora e fauna de ecosistemas caracterísitcos da zona | |
| 2º trimestre | Obradoiro microbioloxía | Mercedes | 1º bacharelato | Actividade que inclúe charla e taller sobre os diferentes microorganismos e a problemática da resistencia aos antibióticos. | |
| 2º trimestre | Saída Museos | En colaboración con Física e Química | 3ºESO | Visitar a Casa das Ciencias / MUNCYT | |
| Semana cultural | Obradoiros varios | Mercedes/Silvia/Manuel | Varios cursos | Obradoiros de diferente temática para a Semana cultural | |
| | Participación no Plan Proxecta **Monte vivo** | Marilú | 1º bacharelato | Colaboración con Lingua Galega e outros departamentos | |

| Curso 23-24 | **Departamento**: EDUCACIÓN FÍSICA | |
|---|---|---|
| **ACTIVIDADE** | **CURSO/S** | **TEMPORALIZACIÓN** |
| Presentación da actividade DANZA URBANA E HIP HOP pola profesora que o imparte no CVC de Valadares. | Ofertado a todos | 19 e 20 de setembro (recreos) |
| Torneos deportivos nos recreos | Todos | Outubro-maio |

| | | |
|---|---|---|
| Waterpolo, achegamento ao deporte. Na piscina do CUVI | 1º ESO | Abril (por confirmar) |
| Patinaxe sobre xeo | Todos os cursos | Decembro / Xaneiro |
| Sendeirismo no Galiñeiro | 4º ESO, 1º e 2º de bach. | 2º - 3º trimestre |
| Tirolinas en Marikiná Park | 1º bacharelato | 2º trimestre (semana cultural) |
| Familiarización coas actividades náuticas: surf, kayak | 1º e 2º de ESO | 3º trimestre |
| Xornada de xogos na praia | 1º e 2º de ESO | 3º trimestre |
| Charlas e obradoiros de visibilización de "outros deportes" | Todos os cursos | Todo o ano |
| Natación e socorrismo acuático | 1º bacharelato | 3º trimestre (xuño) |
| Sendeirismo e orientación na contorna do centro | Todos os cursos | Todo o ano |
| Visita a/de equipos deportivos da cidade.<br>(Esta actividade dependerá dos horarios de adestramento e da dispoñibilidade dos equipos) | Todos os cursos | Todo o ano |

| **Curso**: 23-24 | **Departamento**: Tecnoloxía | | | |
|---|---|---|---|---|
| | **ACTIVIDADE** | **COORDINADORA** | **CURSOS** | **OBXECTIVOS** |
| 2º trimestre | Saída Museos: Visitar a Casa das Ciencias / MUNCYT | En colaboración con Fís e Química e Bioloxía | 3ºESO | |
| 1º, 2º e 3º trimestre | Actividades de lanzamento dos proxectos interdisciplinares ou actividades finais: Sendeirismo, visita praias, museos, charlas, obradoiros, visita cole Sobreira. | Colaboración con bioloxía, historia, plástica, economía | 4ºESO | |

| **Curso**: 23-24 | **Departamento**: Matemáticas | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Data** | **Nome da Actividade** | **Coordinador/a** | **Grupo/s destinatario/s** | **Obxectivos** | |
| 2º Trimestre | Olimpiada Galega de Matemáticas para 2º ESO | Sofía e Jesús | 2º ESO. Alumnado escollido de entre todos os grupos | • Fomentar no alumnado o gusto pola resolución de problemas e a aprendizaxe de estratexias para poder enfrontar os mesmos | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 2º Trimestre | Canguro Matemático | Sofía e Jesús | 2º ESO. Alumnado escollido de entre tódolos grupos. | • Incentivar e fomentar o pensamento matemático.<br>• Facilitar o desenvolvemento do razoamento matemático,<br>• Potenciar a autonomía, a responsabilidade, a toma de decisións e a independencia do alumnado. | |

| **Curso**: 23-24 | **Club de manga** | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Data** | **Nome da Actividade** | **Coordinador/a** | **Grupo/s destinatario/s** | **Obxectivos** | |
| 1º Trimestre | Saída aos cines Norte: "El niño y la garza". Hayao Miyazaki | Euge | Alumnado Club de manga | • Fomentar no alumnado o gusto polo visionado de anime en versión orixinal.<br>• Fomentar a convivencia entre as persoas que integran o club de manga do IES Valadares. | |
| 3º Trimestre | Xuntanza de Clubs de manga | Euge | Alumnado Club de manga | • Fomentar a convivencia entre as persoas que integran o club de manga do IES Valadares e a interrelación con clubs de manga doutros institutos da provincia de Pontevedra.<br>• Desenvolver a autonomía e a creatividade ao organizar actividades e participar nelas. | |

## 6. Proxectos

A **Semana Cultural** funcionará como eixe vertebrador de actividades complementarias que se realizarán durante o periodo escolar e en horario lectivo. Posible realización: **do 18 a 22 de marzo**.

Xa que no instituto promovemos as tarefas integradas entre distintas materias e os proxectos interdisciplinares (ABP) e interniveis, levaranse a cabo moitas actividades e saídas como produtos finais e/ou como actividades de lanzamento de cada proxecto así como actividades, saídas ou visitas de motivación.

## 7. Plans Proxecta

### 7.1. O Monte Vivo

Proxecto de centro dentro do proxecto "Somos Natureza". Será un proxecto no que participen diferentes niveis tanto de ESO como Bacharelato con varias materias implicadas: bioloxía, física, matemáticas, tecnoloxía, plástica, economía, educación física, portugués, lingua castelá e galega etc

**Profesorado coordinador**:

Maria Luz Campos – Departamento de Portugués

Silvia Pascual Fernández – Departamento de Bioloxía

Carmen Boado Aguinaga- Departamento de Tecnoloxía

## 8. Contratos Programa

Ao longo do curso 2023-24, e dentro do marco de programas de Consellería de Educación da Xunta de Galicia, Contratos - Programa, o IES Valadares solicitou participar en ditos programas nas seguintes actuacións:

- **Contratos Programa Inclúe (CPInclúe):**
  - Quéda-T (Prevención do abadono temperán e do absentismo escolar).
  - Iguála-T
  - Convive-T
  - Inclúe-T
  - Emociona-T
- **Contratos Programa Innova (CPInnova)**

- EDUinnova: O centro docente como entorno innovador de aprendizaxe a través da mellora permanente.
- EDUexcelencia: O centro docente como promotor da excelencia a través do afondamento nun ámbito de coñecemento.
- EDUsaúde: O centro como dinamizador de hábitos de vida saudables.
- EDUsostibilidade: O centro educativo comprometido cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS).
- EDUcalidade: O centro educativo como modelo de calidade a nivel organizativo, de xestión e de funcionamento.

Todas estes contratos, apoian e facilitan os proxectos de centro: aprendizaxe cooperativa, proxectos interdisciplinares e tarefas integradas, tarefas mulltinivel, espazos inclusivos, recreos dirixidos e inclusivos, Semana das Ciencias e das Letras, obradoiros e charlas formativas, clubs e bandas de rock etc.

## 9. Consideracións finais

Ao longo do curso, as institucións públicas e privadas fan novas ofertas de actividades que poderán ser valoradas polos distintos departamentos didácticos e incluídas na programa de actividades no caso de considerarse pertinente.

Data:

30 de outubro de 2023

Asinado pola vicedirectora:

Carmen Boado Aguinga

## 2. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DA BIBLIOTECA. Club de lectura

Este aspecto ven desenvolvido no Plan de Biblioteca, presentado como anexo a esta PXA.

O Club de lectura do centro foi admitido na convocatoria anual da Secretaría Xeral de Ordenación e Innovación Educativa. O proxecto correspondente preséntase como anexo a esta PXA.

## 3. PLAN ANUAL DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

O PFPP para este curso recolle os seguintes itinerarios:

- Metodoloxías activas. Tarefas Integradas.
- Saúde e benestar emocional. (Prácticas Restaurativas)
- O modelo de biblioteca escolar.
- Metodoloxías activas. Traballo cooperativo.
- Polos creativos.
- Observa-acción

## 4. CALENDARIO ESCOLAR

O calendario escolar rexirase pola orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo aparece recollido na citada orde, as actividades lectivas na educación secundaria obrigatoria e no bacharelato realizaranse desde o día 11 de setembro de 2023 ata o 21 de xuño de 2024.

As vacacións durante o curso serán:

- Nadal: do 22 de decembro ao 7 de xaneiro, ambos inclusive.
- Entroido: días 11, 12 e 13 de febreiro.
- Semana Santa: do 22 de marzo ao 1 de abril, ambos inclusive.

Os días escollidos polo centro como non lectivos son o 13 de outubro e o 8 de xaneiro.

**ORZAMENTO IES VALADARES** **ANO 2023**

| | |
|---|---|
| **TOTAL INGRESOS** | **111.451,55 €** |
| Dotacións procedentes da CEUFP | 58.479,00 € |
| Gastos de funcionamento | 51.238,00 € |
| Fondo Social Europeo | 7.241,00 € |
| Os remanentes do exercicio anterior | 52.972,55 € |
| **TOTAL GASTOS** | **111.451,55 €** |
| Reparacións, mantemento e conservación | 28.878,96 € |
| Material de oficina | 1.762,58 € |
| Subministracións | 37.225,23 € |
| Comunicacións | 993,47 € |
| Transporte | 2.104,75 € |
| Axudas de custo e locomoción | 1.093,65 € |
| Gastos diversos | 16.198,71 € |
| Mobiliario e utensilios inventariables | 16.407,86 € |
| Outros materiais inventariables | 6.791,34 € |
| **INGRESOS – GASTOS** | **0,00 €** |

# ANEXO I-Documentos, Plans e Proxectos

## 1. PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO: Modificacións e Observacións de vixencia.

O noso PEC foi aprobado polo Consello Escolar do 30 de xuño do 2016, e actualizado por última vez no Consello Escolar do 2 de febreiro de 2022.

O documento completo o atopamos no seguinte enlace.

*Proxecto Educativo de Centro*

## 2. PLAN DE BIBLIOTECA

*Plan de biblioteca.*
*Club de lectura*

## 3. PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC

***PLAN DIXITAL***

# CURSO 2023-2024

**ESTADO INICIAL**

1.1 RECURSOS ACTUAIS DOS QUE DISPÓN O CENTRO 53

**OBXECTIVOS XERAIS** 53

**OBXECTIVOS A CURTO PRAZO** 55

**OBXECTIVOS A LONGO PRAZO** 55

**ESTRATEXIAS DE COORDINACIÓN DO PROFESORADO DAS DISTINTAS ÁREAS E NIVEIS EDUCATIVOS** 56

**ORGANIZACIÓN DOS ESPAZOS DO CENTRO** 56

**PLAN DE AVALIACIÓN ANUAL** 50

**NECESIDADES FORMATIVAS DO PROFESORADO** 57

**MEDIDAS PARA DIFUNDIR O PROXECTO** 57

**PLAN DIXITAL DE CENTRO**

# 1. ESTADO INICIAL

A partir da situación de pandemia que vivimos recentemente, tomamos conciencia da importancia de contar no centro e tamén nos fogares tanto de alumnado como de profesorado dos medios dixitais e dos coñecementos que permitan abordar a labor educativa con solvencia e competencia dixital, en calquera dos posibles escenarios, tanto presenciais como a distancia.

É por isto que o IES Valadares, apostando sempre polas metodoloxías activas como pilar da súa identidade de centro, segue mellorando os medios físicos de dotación e as competencias dixitais de alumnado e de profesorado.

Ao longo dos últimos anos cambiou a infraestructura do centro no que se refire á dotación de material TIC. Por unha banda a Consellería de Educación proporcionou a instalación de rede para todos os espazos de centro, dotou de distintos materiais (ordenadores, canóns, pantallas dixitais ...que se completan cos acadados polo centro por distintas vías) o que supuxo un cambio de cara a utilización das TIC nas aulas.

Así mesmo, a parte administrativa faise básicamente a través de internet, cos distintos programas que a Consellería proporciona; Xade, persoalcentros, fprofe, abalarmobil...

Hoxe en día podemos dicir que a melloría en competencia dixital no persoal do Centro é evidente.

Contamos cos servizos da empresa Enrede para o mantemento informático do Centro. Dispoñemos de soporte telefónico e tamén de soporte presencial cando é preciso.

Tamén facemos uso do soporte que nos ofrece a Consellería a través da UAC e do servicio Premium Edixgal e WebsDinámicas.

Seguimos este curso empregando o uso do NAS, un espazo de almacenamento organizado por equipos e departamentos. Está aloxado no servidor de centro  e temos acceso dende tódolos equipos do centro. Se pretende así unha mellora da comunicación, evitar o uso de pendrives e minimizar así os problemas derivados dos virus e malware propio destes dispositivos.

Considérase a páxina web do centro como vía de información e comunicación actualizada coas familias. É por elo que recentemente se  renovou completamente o seu aspecto e funcionalidade, sendo agora máis accesible e dinámica.

Trabállase nela tratando de mantela ao día no que se refire especialmente, a documentación oficial, datas de exames do alumnado e notificacións, mellorando así o servizo a toda a comunidade educativa.

Outro espacio de comunicación co alumnado é a aula virtual no seu curso "Espazo IES Valadares", onde se poden consultar horarios, datas de exámenes, instruccións para a conexión nas videoconferencias, avisos e moitas máis cousas.

Contamos tamén co blog da biblioteca http://osobreiraldaspalabras.blogspot.com/ que no seu apartado de "Banco de recursos" aporta tutoriais tales como:

- Como facer unha presentación
- Como reducir o peso dunha imaxen
- Manual de uso da aula virtual
- Licencias CC

Estase a empregar o correo eléctrónico da Xunta como vía principal de comunicación entre o profesorado, tanto para notificacións por parte do Equipo Directivo a todo o claustro, como para intercambio de información sobre o alumnado.

Continuamos dispoñendo  no centro do dominio "iesvaladares.org"; con este dominio e a través da Suite de Google Classroom temos contas de correo individualizadas para cada membro do centro, tanto profesorado como alumnado. Utilizaremos sempre este dominio para as comunicacións lectivas entre profesorado e alumnado e deixaremos o dominio de edu.xunta para comunicación entre profesorado, equipo directivo e familias.

Recoméndase consultar esta conta de correo así como a do correo corporativo da Consellería polo menos dúas veces dentro da xornada laboral, xa que é un dos principais medios de comunicación empregados polo centro.

A través destas contas e co acceso que proporcionan ao espazo Google Drive formamos ao alumnado nesta primeira parte do curso na adquisición/mellora de competencias dixitais. Traballamos a elaboración de documentos de texto, folla de cálculo, conversión de formatos, traballos colaborativos en liña, compartición de arquivos, descarga de arquivos, localización destes e renomeado, entrega a través da aula virtual, Edixgal e correo electrónico de estos arquivos descargados...

Este traballo de adquisición de competencias dixitais facémolo con especial interese no alumnado de 1º da ESO  a través da materia de Tecnoloxía e Dixitalización, tratando de que xa ao finalizar o primeiro trimestre o noso alumnado sexa competente para desenvolverse dixitalmente sen dificultade en toda a ESO.

## 3. 1.1 RECURSOS ACTUAIS DOS QUE DISPÓN O CENTRO

Seguimos a ser  centro Edixgal de 1º a 4º da ESO .

Neste momento temos tódolos grupos da ESO  traballando con dotación Edixgal.

Todo o profesorado de materia Edixgal ten a súa disposición, se así o solicita, un ordenador portátil coa mesma maqueta Abalar que os ultraportátiles do alumnado.

Tódalas aulas do instituto contan con equipo informático de aula, conexión a internet e cañón proxector. Todas contan tamén con PDI.

- Aula de Informática: conta con canón proxector e con 16 equipos LENOVO con S.O. Debian e maqueta Abalar libre (maqueta actualizada pola UAC en Xuño de 2018),  recibidos da Consellería en Maio de 2016.

- Espazo multimedia da biblioteca; conta cunha rede wifi propia, 5 equipos portátiles, un equipo de sobremesa, 6 tablets e 8 ipads, outro portátil no espazo da radio e canón proxector con pizarra dixital interactiva. Todos estes medios se atopan a disposición de quen precise deles, sempre baixo a supervisión do profesorado responsable.

- Na sala de profesores da planta baixa dispoñemos de tres equipos portátiles  e dun canón proxector.
- No espazo de traballo para profesorado da planta alta hai 1 equipo de sobremesa e conectividade a internet por cable e 2 portátiles a disposición do profesorado.

## 2. OBXECTIVOS XERAIS

- Mellora da competencia dixital do alumnado e do profesorado do centro.
- Fomentar a páxina web do centro como espazo de comunicación e de colaboración con toda a

comunidade educativa.

- Coordinar a acción do profesorado de distintas áreas e materias en relación ao traballo coas tecnoloxías da información e a comunicación.
- Facilitar o acceso a estas ferramentas por parte do alumnado con necesidades educativas especiais de apoio educativo e nas tarefas de apoio e reforzo de aprendizaxes.
- Impulsar a comunicación con outros centros e localidades, para coñecer e transmitir valores sociais e de respecto doutros costumes e outras formas de vida.
- Potenciar a capacidade de razoamento do alumnado, a súa motivación e o seu afán de coñecemento.
- Fornecer o alumnado de estratexias para obter e xestionar a información conseguida mediante o uso das TIC.
- Utilizar programas e contornos que faciliten a consecución dos obxectivos propostos nas distintas áreas do currículo.
- Utilizar o ordenador como medio de creación, de integración, de cooperación e de expresión das propias ideas.
- Potenciar a comunicación cos seus iguais.
- Mellorar a proposta pedagóxica do profesorado e a súa práctica docente ao aproveitar as posibilidades que ofrecen as TIC.
- Empregar as TIC para o traballo cotián e nas actividades de aula: programacións, proxectos, explicacións, actividades...
- Consultar e obter información a través das TIC, tanto para temas profesionais como para experiencias interesantes para a súa actividade docente.
- Intercambiar experiencias, coñecementos, iniciativas... en diversas redes de colaboración como internet.
- Lograr a integración das TIC como medio dinámico de comunicación, de maneira que se constitúan nun elemento común de información e de contacto con todos os axentes do proceso educativo, facilitando a conexión entre eles.
- A través das asociacións de nais e de pais dos centros, poñer en marcha mecanismos para aproveitar a infraestrutura tecnolóxica e favorecer a adquisición por parte de pais e nais dos coñecementos necesarios para un uso proveitoso das TIC.
- Favorecer a superación das limitacións de acceso as TIC derivadas das desigualdades sociais.
- Difundir entre o profesorado e o alumnado a filosofía e vantaxes do software libre.
- Formar e concienciar á comunidade educativa na necesidade de utilizar formatos e procesos estandarizados nos traballos dixitais.

## 3. OBXECTIVOS A CURTO PRAZO

- Utilizar de forma progresiva as TIC como recurso educativo nos procesos de ensino-aprendizaxe.
- Mellora da competencia dixital do alumnado e do profesorado do centro.
- Converter Internet nunha ferramenta educativa posta ao servizo da aprendizaxe do alumnado
- Aumentar e actualizar dotación dos materiais TIC do centro.
- Fomentar os blogs da biblioteca e dos distintos departamentos como espazos de comunicación de toda a comunidade educativa.
- Asesorar ao profesorado que xa está a utilizar as TIC ou que manifesta a súa intención de uso.
- Potenciar o uso do Xade por parte do profesorado.
- Potenciar o uso da plataforma Edixgal.
- Expoñer traballos feitos polo alumnado e o profesorado na páxina web.
- Potenciar o uso da aula virtual.
- Implementar e fomentar o uso de software libre, preferentemente multiplataforma: Libreoffice,VLC, Firefox...
- Introducir novas ferramentas TIC coma ferramentas de traballo e búsqueda de información: móbiles, tablets...
- Establecer mecanismos de comunicación cos colexios adscritos para intercambiar información sobre as necesidades formativas do alumnado de primaria.

## 4. OBXECTIVOS A LONGO PRAZO

- Habituarse aos formatos estandarizados.
- Habituarse e perder o medo/rechazo ao software libre.
- Mellorar a conectividade.
- Formar ao alumnado no uso responsable das TIC.
- Mellorar a atención á diversidade.
- Potenciar a elaboración de materiais e tarefas por parte do alumnado e profesorado a través da aula virtual.
- Mellorar as competencias e aumentar o uso das TIC do profesorado.
- Introducir unha xestión do traballo educativo e do centro máis dixitalizada.

# 5. ESTRATEXIAS DE COORDINACIÓN DO PROFESORADO DAS DISTINTAS ÁREAS E NIVEIS EDUCATIVOS

A nivel interno, os distintos departamentos, baixo a supervisión do xefe de departamento, serán os encargados da coordinación dos distintos membros dos mesmos, e para coordinar as distintas áreas usarase a comisión de coordinación pedagóxica.

A nivel externo se buscará a coordinación a través dos equipos directivos.

Un dos puntos importantes no desenvolvemento do Plan TIC é coordinar de xeito efectivo entre os departamentos a presenza das TIC nas programacións didácticas. Que cada departamento recolla na súa programación as ferramentas e contidos TIC que está disposto a traballar en cada curso para que haxa unha coordinación entre eles, de tal xeito que se poida garantir e mellorar a formación efectiva do alumando nas ferramentas informáticas básicas.

Se empregará a aula virtual en todos os departamentos e a plataforma Edixgal de forma xeneralizada como medio de comunicación co alumnado en canto a entrega de tarefas e traballos.

# 6. ORGANIZACIÓN DOS ESPAZOS DO CENTRO

Os distintos espazos do centro que se relacionan con este plan (aula de informática, biblioteca...) estarán a disposición da comunidade escolar .

Este curso, debido a que todo o alumnado da ESO dispón do seu propio portátil e a conectividade wifi e boa en tódolos espazos, non temos problemas de ocupación saturación da aula de Informática, quedando ésta para as TIC´s do Bacharelato.

Dispoñemos tamén dunha aula de Polos creativos.

# 7. PLAN DE AVALIACIÓN ANUAL

Ó longo do curso escolar haberá reunións periódicas entre membros da dirección, o profesor encargado da dinamización das TIC e o responsable da biblioteca. Aquí se valorarán as distintas incidencias, a organización e uso, as suxestións dos distintos compoñentes da comunidade escolar (tanto a nivel individual como colectivo dos distintos órganos: consello escolar, claustro, comisión de coordinación pedagóxica, departamento de orientación e reunións de titores), podéndose facer as modificacións que se consideren oportunas.

Ao final de curso avaliarase a implicación do profesorado e o alumnado, a implicación dos departamentos (no relativo a integrar as TIC nos currículos), a organización e uso dos distintos espazos, o grao de consecución dos obxectivos, a cantidade de materiais producidos e de actividades específicas realizadas, e a cantidade de recursos dispoñibles.

# 8. NECESIDADES FORMATIVAS DO PROFESORADO

Temos a disposición do profesorado os materiais da formación intensiva na aula virtual a través do curso chamado "Actualización de Ferramentas Tecnolóxicas".

Moito profesorado está xa cursando a formación Edixgal presencial nos centros e que terá continuidade integrada no Plan de Formación Permanente de Profesorado do centro.

# 9. MEDIDAS PARA DIFUNDIR O PROXECTO

A nivel interno o proxecto será presentado no claustro, consello escolar e comisión pedagóxica.

Os titores encargaranse de difundilo ao alumnado, e a dirección aos pais/nais nas reunións que se fagan con estes. Unha copia será publicada na páxina web do centro.

# 10. PLAN DIXITAL DE CENTRO

Pode consultarse na páxina web do centro.

***PLAN DIXITAL***

**DECRETO 79/2010**

## 4.PROXECTO LINGÜÍSTICO

*Proxecto Lingüístico*

TÁBOA DE REPARTO HORARIO DE GALEGO-CASTELÁN POR MATERIAS E CURSOS 2023-24.

| | ESO | | | | | | | | | | | | BACH | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **MATERIAS** | **1º** | **HG** | **HC** | **2º** | **HG** | **HC** | **3º** | **HG** | **HC** | **4º** | **HG** | **HC** | **1º** | **HG** | **HC** | **2º** | **HG** | **HC** |
| Bioloxía e xeoloxía | G | 4 | | | | | G | 2 | | G | 3 | | G | 3 | | G | 4 | |
| Xeografía e historia | G | 3 | | G | 3 | | G | 3 | | G | 3 | | | | | | | |
| Educación física | G | 2 | | G | 2 | | G | 2 | | G | 2 | | G | 3 | | | | |
| EPVA | G C | 1 | 1 | | | | G | 2 | | G C | 3 | 3 | | | | | | |
| Física e química | | | | C | | 3 | C | | 2 | C | | 3 | C | | 4 | | | |
| Química | | | | | | | | | | | | | | | | C | | 4 |
| ECO/FOPP | | | | | | | | | | C | | 3 | | | | | | |
| Lingua galega e literatura | G | 4 | | G | 3 | | G | 3 | | G | 3 | | G | 3 | | G | 3 | |
| Lingua castelá e literatura | C | | 4 | C | | 3 | C | | 3 | C | | 3 | C | | 3 | C | | 3 |
| Proxecto competencial | G | 1 | | G | 1 | | G | 1 | | G | 1 | | | | | | | |
| Ed.Valores Civ. éticos | | | | | | | G | 1 | | | | | | | | | | |
| Matemáticas | C | | 5 | C | | 4 | C | | 4 | C | | 4 | C | | 4 | C | | 4 |
| Música | | | | G | 2 | | C | | 2 | G | 2 | | | | | | | |

| | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Tecnoloxía | | | | | | | | | | C | | 3 | | | | | | |
| Relixión católica | G | 1 | | G | 1 | | G | 1 | | G | 1 | | | | | | | |
| Dixitalización | | | | | | | | | | | | | C | | 3 | C | | 4 |
| Tecno e dixitalización | C | | 3 | C | | 3 | | | | | | | | | | | | |
| Tecno e enxeñería | | | | | | | | | | | | | C | | 4 | C | | 4 |
| EDDIX | | | | | | | C | | 3 | | | | | | | | | |
| Filosofía | | | | | | | | | | | | | G | 3 | | G | 3 | |
| Téc. Graf.Plás | | | | | | | | | | | | | | | | C | | 4 |
| Psicoloxía | | | | | | | | | | | | | | | | G | 4 | |
| HE | | | | | | | | | | | | | | | | G | 3 | |
| Anatomía | | | | | | | | | | | | | G | 4 | | | | |
| D. Técnico | | | | | | | | | | | | | C | | 4 | G | 4 | |
| C.Audiovisual | | | | | | | | | | | | | G | 4 | | | | |
| Volume | | | | | | | | | | | | | G | 4 | | | | |
| Deseño | | | | | | | | | | | | | | | | G | 4 | |
| Proxecto artístico | | | | | | | | | | | | | C | | 4 | | | |
| FDA | | | | | | | | | | | | | | | | G | 4 | |
| D.Artístico | | | | | | | | | | | | | C | | 4 | G | 4 | |
| **TOTAL** | | **16** | **13** | | **12** | **13** | | **15** | **14** | | **18** | **19** | | **24** | **30** | | **33** | **23** |

## 5.TRATAMENTO INTEGRADO DE LINGUAS

*Tratamento integrado de linguas.*

## 6.PROGRAMACIÓN DE DINAMIZACIÓN DE LINGUA GALEGA

*Programación Dinamización de Lingua Galega*

Decreto 229/2011 (Art. 11.4 e 11.5)

## 7. CONCRECIÓN DO PLAN ANUAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

*Plan de Orientación.*

*Plan de Atención á diversidade.*

**CONCRECIÓN ANUAL PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE** CURSO 2023/2024

### 1. TÁBOA ALUMNADO NEAE CURSO 2023-2024

A continuación preséntanse as táboas NEAE agrupadas por cursos e grupos. Hai que ter en conta que hai alumnos/as que presentan comorbilidade en dúas casuísticas ao mesmo tempo, nas táboas recolleráse o diagnóstico predominante.

Lenda:

- DEA: dificultades de aprendizaxe
- TDAH: Trastorno déficit de atención e hiperactividade, onde se inclúe tamén sen hiperactividade
- TEA: Trastorno por Espectro Autista (Inclúe Asperguer)
- AACC: Altas Capacidades
- IA: Incorporación tardía (alumnado que chega tarde ao sistema educativo español e esta condición repercute na súa evolución).
- SS: Situación sociovulnerabilidade (alumnado en risco social e familiar).
- Historia personal
- Discapacidade Visual
- Síndrome de Down

Esta clasificación parte dos informes cos que se conta nos expedientes de orientación, así como do criterio do departamento. Tamén temos en conta que isto é variable en tanto que o curso avance e se detecten novas necesidades ou haxa novas incorporacións.

| Alumnado NEAE | 1º ESO A | 1º ESO B | 1º ESO C | 1º ESO D |
|---|---|---|---|---|
| DEA (Dislexia, disortografía, discalculia..) | 3 | 4 | 3 | 4 |
| Historia persoal | 2 | 0 | 1 | 2 |
| TDAH | 4 | 0 | 2 | 2 |
| TEA | 2 | 2 | 1 | 0 |
| Altas Capacidades AACC | 0 | 0 | 0 | 0 |
| Síndrome de Down | 0 | 0 | 0 | 0 |
| Discapacidade Visual | 0 | 0 | 0 | 0 |

| Alumnado NEAE | 2º ESO A | 2º ESO B | 2º ESO C | 2º ESO D |
|---|---|---|---|---|
| DEA (Dislexia, disortografía, discalculia..) | 3 | 4 | 6 | 7 |
| Historia persoal | 1 | 1 | 0 | 0 |
| TDAH | 0 | 1 | 4 | 2 |
| TEA | 2 | 0 | 1 | 1 |
| Altas Capacidades AACC | 2 | 0 | 0 | 1 |
| Síndrome de Down | 0 | 0 | 0 | 0 |
| Discapacidade Visual | 0 | 0 | 0 | 0 |

| Alumnado NEAE | 3ºESO A | 3º ESO B | 3º ESO C | 3º ESO D | 3º ESO P | 3ºESO Q |
|---|---|---|---|---|---|---|
| DEA (Dislexia, disortografía, discalculia..) | 0 | 2 | 1 | 3 | 3 | 1 |
| Historia persoal | 1 | 3 | 0 | 0 | 0 | 1 |
| TDAH | 2 | 1 | 2 | 3 | 2 | 0 |
| TEA | 0 | 3 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| Altas Capacidades (AACC) | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| S. Down D.I | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 |
| Discapacidade Visual | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |

| Alumnado NEAE | 4ºESO A | 4º ESO B | 4º ESO C | 4º ESO D | 4º ESO P |
|---|---|---|---|---|---|
| DEA (Dislexia, disortografía, discalculia..) | 5 | 2 | 1 | 1 | 0 |
| Historia persoal | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 |
| TDAH | 3 | 0 | 0 | 0 | 1 |
| TEA | 1 | 1 | 0 | 0 | 0 |
| Altas Capacidades AACC | 0 | 0 | 2 | 0 | 0 |
| S. Down D.I | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 |
| Discapacidade Visual | 0 | 0 | 0 | 0 | 1 |

| Alumnado NEAE | 1º BAC A | 1º BAC A |
|---|---|---|
| DEA (Dislexia, disortografía, discalculia..) | 0 | 0 |
| Historia persoal | 0 | 5 |
| TDAH | 3 | 3 |
| TEA | 3 | 1 |
| Altas Capacidades AACC | 0 | 0 |
| Síndrome de Down | 0 | 0 |
| Discapacidade Visual | 0 | 0 |
| Alumnado NEAE | 2º BAC A | 2º BAC B |
| DEA (Dislexia, disortografía, discalculia..) | 3 | 4 |
| Historia persoal | 1 | 1 |
| TDAH | 3 | 2 |
| TEA | 1 | 2 |
| Altas Capacidades AACC | 0 | 0 |
| Síndrome de Down | 0 | 0 |
| Discapacidade Visual | 0 | 1 |

| TÁBOA XERAL | |
|---|---|
| **DEA** | 57 |
| **HISTORIA PERSOAL** | 28 |
| **TDAH** | 40 |
| **TEA** | 21 |
| **AACC** | 5 |
| **SÍNDROME DE DOWN** | 2 |
| **DÉFICIT VISUAL** | 2 |
| **TOTAL** | 155 |

Con respecto á totalidade do alumnado (585) case o 30% é alumando con NEAE.
Sendo as dificultades específicas da aprendizaxe as NEAE máis destacadas seguido do TDAH. Enténdese que a mellora destas porcentaxes chega da man dunha metodoloxía de aula que atenda a totalidade do alumnado e atendendo aos protocolos da Consellería con especial fincapé no de Dislexia e DEA e TDAH.

## 2. ¿COMO ENTENDEMOS NO CENTRO A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE?

Entendemos o concepto de diversidade de acordo coa Lei Orgánica 3/2020 LOMLOE, do seguinte xeito, trátase dunha característica propia de calquera grupo educativo (pola súa natureza heteroxénea), xorde da aceptación de que tódalas persoas que o conforman utilizan nos seus procesos de ensino – aprendizaxe as súas diferentes capacidades, motivacións, intereses, expectativas, experiencias, coñecementos previos, etc. e que estas, ao interactuar co medio educativo, xeran distintas necesidades educativas.

En relación á lexislación autonómica segundo o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, que regula la atención á diversidade en la CAG (D.229/2011) e a Orde do 8 de setembro de 2021 por la que se desenvolve o D.229/2011 (O.8/09/2021), entendemos por atención á diversidade o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos/preferencias de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. A partir da O.8/09/2021 (art.96) tamén incluímos o talento como aspecto da diversidade, sendo a función do sistema educativo detectar, protexer e promocionar os talentos de todo o alumnado.

Así pois neste centro a atención á diversidade parte desta concepción aberta e heteroxénea, sendo a diversidade a totalidade do alumnado do grupo/aula. Ademais, e dentro disto, atenderase ao alumnado que presente necesidades específicas de apoio educativo seguindo a lexislación vixente.

Teranse tamén en conta outras indicacións como a UNESO, Educación 2030. Declaración de Incheón (2015). Aprobada en maio de 2015 en Incheón (Corea), no Foro Mundial de Educación, representa o compromiso dos países e da comunidade mundial da educación cunha axenda única e renovada para o sector educativo. Visión da Educación 2030: "*Garantir unha educación inclusiva e equitativa de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe durante toda a vida para todos/as*".

Seguindo a L.O 3/2020 LOMLOE, os centros elaborarán as súas propostas pedagóxicas para todo o alumnado da etapa de educación secundaria obrigatoria, atendendo á súa diversidade. Así mesmo, arbitrarán métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan o traballo en equipo.

Por todo isto, dende o departamento de orientación lévase a cabo o asesoramento ao profesorado en metodoloxías inclusivas e DUA a través da Aula Virtual de Orientación, do correo corporativo e das consultas individualizadas no departamento de orientación. Así como o asesoramento na formación nestas novas metodoloxías. Aspecto do cal tamén se informa ás familias.

No que respecta ao alumnado con altas capacidades, valorarase coas familias a conveniencia de realizar probas para identificar novos casos. Durante este curso, contactarase co Equipo de Orientaciónn específico para realizar, coordinado co departamento de Orientación, algunha charla dirixida ao profesorado coa intención de coñecer a realidade deste alumnado, as súas características e necesidades.

## 3. ¿COMO SERÁN OS APOIOS E REFORZOS EDUCATIVOS? (MEDIDAS ORDINARIAS)

Por todo isto a organización dos apoios educativos este curso 2023-2024 farase dacordo a esta lexislación citada no punto anterior.

As medidas de atención á diversidade serán prioritariamente, e sempre en primeiro termo, ordinarias (Artigo 8 D. 229/2011 e Artigo 42 Orde 8 de setembro de 2021). As medidas extraordinarias só se levarán a cabo unha vez esgotadas as primeiras ou por ser estas insuficientes (Artigo 9 D. 229/2011 e Artigo 54 Orde do 8 de setembro de 2021). Así pois, considéranse medidas ordinarias, previas a calquera medida extraordinaria, as seguintes:

- Apoio dentro da aula do profesorado con dispoñibilidade horaria: CODOCENCIA
- Adaptacións das programacións didácticas ás necesidades do grupo aula.
- Adecuación da estrutura organizativa do centro e da organización e da xestión da aula ás características do alumnado.
- Metodoloxías activas e participativas: aprendizaxe cooperativo, titoría entre iguais, apredizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión, atendendo aos protocolos da Consellería.

- Adaptación dos tempos, procedementos e instrumentos de avaliación.
- Agrupación de materias en ámbitos.
- Plans específicos para o alumnado con materias pendentes e repetidor.

A xestión, organización e posta en marcha destas medidas de atención á diversidade ordinarias, dan resposta a atención da diversidade do alumnado.

Os apoios ou reforzo educativo levaranse a cabo nas aulas ordinarias contando cos 3 mestres/as de PT dentro das mesmas máis un mestre PT do programa Proa +. Tratarase de que sexa un apoio colaborativo e fonte de recursos. As mestras de PT entran en todos os cursos da ESO, priorizando a carga horaria nos cursos nos que contamos con alumnos con N.E.E. e con Adaptacións curriculares.

Estes apoios están dirixidos a totalidade do grupo clase con especial atención ao alumnado NEAE.

Así mesmo o profesorado de reforzo da exención da 2º LE encárgase da atención ao alumnado con estas medidas nas aulas de reforzo para a materia de Lingua Castelá e Literatura e Lingua Galega

No que respecta ao alumnado con altas capacidades, elaborarase un documento coas medidas básicas na atención a alumnado con estas características.

Realizarase tamén, en colaboración co departamento de orientación, unha xornada informativa para o profesorado sobre alumnado con altas capacidades para proporcionar recursos e estratexias que axuden á inclusión e atención destes nenos e nenas.

## APOIOS PROGRAMA PROA +

Contamos cun docente para o apoio do alumnado de 2º da ESO que traballa dentro da aula en todo momento como soporte ao profesorado titular da materia. O alumnado que conta con este apoio non supera 1/3 da totalidade do grupo seguindo a lexislación que regula estes programas enmarcados dentro do Plan Recupéra-t da Consellería.

### HORARIO

| | LUNS | MARTES | MÉRCOLES | XOVES | VENRES |
|---|---|---|---|---|---|
| 8:45-9:35 | | TECNO 1ºC | BX 1ºB | LGL 2ºB | BX 1ºA |
| 9:35-10:25 | | TENCO 1ºD | INGL 4ºP | LCL 4ºP | MATE 2ºB |
| 10:25-11:15 | | AT. FAM | LGL 4ºP | MATE 4ºP | REUNIÓN DO |
| 11:15-11:45 | RECREO | | | | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 11:45-12:35 | R. TITORÍAS | | | | LGL 4° P |
| 12:35-13:25 | LCL 4° P | | | | |
| 13:25-14:15 | MATE 4°P | | | | LCL 2° B |
| | | | | | |
| 16:30-17:20 | BX 1°D | | | | |
| 17:20-18:10 | BX 1°C | | | | |

CRITERIOS DE SELECCIÓN DO ALUMNADO

Sendo os obxectivos principais do programa apoiar ao alumnado vulnerable para a mellora do seu rendemento académico, reducir as barreiras de aprendizaxe que dificultan alcanzar e superar os obxectivos e competencias, facilitar a atención educativa dos colectivos máis vulnerables que favorecer a súa formación e previr o risco de fracaso e abandono escolar, así como, reducir o número de alumnos/as que presentan dificultades para a aprendizaxe; os criterios de selección do alumnado participante son os que seguen:

- Cursos con alumnado NEE
- Cursos máis numerosos
- Cursos con alumnado con colectivos máis vulnerable 4°P

COORDINACIÓN

Establécense canles de coordinación docente entre profesor titular, profesor/a de PROA + e orientadora do IES. A través de reunións formais e informais levarase un seguimento do alumnado no programa, tendo en conta o produto final nas avaliacións

Establécese unha reunión ao menos trimestral de coordinación.

Tense en conta a 3° hora dos venres para coordinación PROA +

## 4. MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

Só no caso de que as medidas ordinarias sexan insuficientes, aspecto a valorar pola Xefa do departamento de Orientación, levaranse a cabo as medidas extraordinarias:

- Adaptacións Curriculares.
- APOIO PT: o centro conta con 3 mestres de PT que atenden ao alumnado de 1°, 2°, 3° e 4° da ESO

- PDC: contamos con tres grupos de PDC, dous en 3º de ESO e un en 4º de ESO
- Atención Educativa Domiciliaria: contamos con 2 alumnos nesta modalidade, a coordinación co mestre de atención domiciliaria é continua e o seguimento realizase mediante un plan individualizado de cada alumno/a.

Alumnado que sae fóra da aula ordinaria a aula de apoio, esta medida é extraordinaria e debidamente xustificada segundo o informe psicopedagóxico dos alumno/a. Establécese de xeito puntual e eliminarase tan pronto sexa posible, actualmente saen tres alumnos.

Un de 2º de ESO por ter un desfase curricular superior a dous anos nas materias instrumentais e por presentar moitas dificultades na comunicación, este alumnado só sae unha hora semana das materia cumprindo menos dun 1/3 da xornada semanal. Así mesmo, contamos con dous alumnos con Síndrome de Down en 3º e 4º da ESO nas mesmas condicións.

## 5. Protocolos da Consellería de Educación

Ademais dos Protocolos da Consellería de Educación propiamente relacionados coas Dificultades de aprendizaxe (TEA, S.DOWN, TDAH...), no IES Valadares temos activos os protocolos de prevención de risco suicida e de Identidade de Xénero, cos que o claustro está especialmente sensibilizado.

Dentro do Protocolo de Risco Suicida, dende a Consellería de Educación e de Sanidade están desenvolvendo unha investigación que consiste na posta en marcha dun programa de prevención do risco suicida chamado YAM (Youth aware of Mental Health: Xuventude consciente da saúde mental).

Entre os centros escollidos para desenvolver esta investigación está o IES Valadares. O programa consta de cinco sesións co alumnado de 3º de ESO nas que se invita aos chicos e ás chicas a reflexionar sobre as súas emocións e a considerar diferentes enfoques cando se enfrentan a retos da vida ou a problemas de saúde mental.

Decreto 8/2015 (Art.11.5)

## 8.CONCRECIÓN PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

## *PLAN DE ACCIÓN TITORIAL (PAT)- CONCRECIÓN ANUAL 23/24*

O Plan de Acción Titorial (PAT) é o marco no que especificamos os criterios e procedementos paraa organización e funcionamento das titorías. Constitúe un conxunto de actividades educativas complementarias ao currículo, baseadas nas necesidades do alumnado e dirixidas ao mesmo. As súas propostas diríxense a todo o profesorado na dobre función docente e titorial con carácter xeral, mais incidindo especificamente nas persoas titoras.

Están secuenciadas no tempo e estruturadas nas dimensións da acción titorial, que a persoa titora realizará cos distintos axentes educativos do grupo que titoriza:

- Alumnado
- Familias
- Equipo docente

Para que esta acción sexa funcional e eficaz, é necesario que contemplemos na súa liña de actuación unha serie de aspectos cualitativos, como que sexa:

- *Sistemática*, ao estar plenamente integrada na programación.
- *Coherente,* na que a acción siga unha liña consecuente nos diferentes niveis e na intervención do profesorado do centro, ao ser froito dun traballo de equipo.
- *Sistémica,* por unha banda contemplando de forma global ao alumnado na súa interacción cos demais, familia e entorno; e pola outra *holística*, como un todo, ao integrar os competencias e contidos.
- *Flexible,* aberta a todos os intereses e inquedanzas do alumnado.
- *Continua,* cunha planificación a longo prazo, mais concreta en pequenos logros sucesivos.
- *Dinámica*, facilitadora do cambio, no que o estudante vai vivir en permanente evolución.

Neste contexto, a titoría será o espazo idóneo para a participación do alumnado no Centro. Coa titoría educativa pretendemos dar resposta aos problemas que xurdan na aula, contextualizada dentro da comunidade educativa, tratando as dificultades e propoñendo alternativas entre todos e todas.

## CONTEXTUALIZACIÓN

O IES Valadares, no curso 2023/2024, presenta un total de 21 unidades:

- 4 unidades de 1º de ESO
- 4 unidades de 2º de ESO
- 4 unidades de 3º de ESO (inclúen 2 unidade de 3º de PDC)
- 4 unidades de 4º de ESO (máis 1 unidade de 4º de PDC)
- 2 unidades de 1º de Bacharelato
- 2 unidades de 2º de Bacharelato

Dentro dos diferentes días que sinala para cada curso o calendario escolar como datas conmemorativas de especial incidencia no ámbito educativo, gustaríanos impulsar especialmente, en colaboración co *equipo de Biblioteca* do IES e co *Departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares*, tanto a nivel de centro como a nivel de titoría, as que sinalamos a continuación:

- 25 de novembro: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- 3 de decembro: Día Internacional Persoas con Discapacidade.
- 30 de xaneiro: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 8 de marzo: Día Internacional da Muller.
- 21 de marzo: Día Mundial da Síndrome de Down.
- 31 de marzo: Día Internacional da visibilidade Trans.
- 1 de abril: Día do libro LGTB+.
- 2 de abril: Día Mundial da Concienciación sobre o Autismo.
- 2 de maio: Día Internacional contra o Acoso Escolar.

Algunhas das actividades destas conmemoracións como outras en relación con charlas ou obradoiros que se levarán a cabo nas aulas ao longo do curso, formarán parte das actividades organizadas a través dos *Contratos Programa* da Consellería nos que participa o IES, sobre todo nas modalidades de:

- CP Inclúe-T
- CP Iguála-T
- CP Convive
- CP Emociona.

## PROPOSTA DE ACTIVIDADES

Respecto á ESO, o profesorado titor desenvolverá unha hora semanal de atención directa á titoría, ademais de levar a cabo as numerosas funcións citadas na Orde do 1 de agosto de 1997, que desenvolve o Decreto 324/96, de Regulamento Orgánico dos IES. Debido á complexidade destas funcións, cómpre unha coordinación entre Titorías/ Xefatura estudos/ Departamento de Orientación, así como a programación de actividades para acadar os obxectivos propostos para cada curso escolar.

Presentamos a continuación unha proposta de actividades por niveis e trimestres

| 1º ESO | |
|---|---|
| 1º TRIMESTRE | • Dinámicas cohesión grupal<br>• Técnicas de traballo intelectual<br>• Plan Director/Charla Policía: Internet e redes sociais<br>• Educación emocional: Achega |
| 2º TRIMESTRE | • Educación afectivo-sexual: Alborada<br>• Educación emocional: Achega |
| 3º TRIMESTRE | • Técnicas e Dinámicas de Autocoñecemento |

| 2º ESO | |
|---|---|
| 1º TRIMESTRE | • Dinámicas cohesión grupal<br>• Técnicas de traballo intelectual<br>• Plan Director/Charla Policía: Acoso e Ciberacoso<br>• Educación emocional: Achega |
| 2º TRIMESTRE | • Educación afectivo-sexual: Alborada<br>• Educación emocional: Achega |
| 3º TRIMESTRE | • Prevención Drogodependencias: Plan Local Concello<br>• Técnicas e Dinámicas de Autocoñecemento<br>• Adestramento de Toma de Decisións |

| 3º ESO | |
|---|---|
| 1º TRIMESTRE | • Dinámicas cohesión grupal<br>• Educación afectivo-sexual: Quérote + |
| 2º TRIMESTRE | • Prevención Adiccións: Alboada.<br>• Prevención Risco Suicida: Programa Yam da Consellería. |
| 3º TRIMESTRE | • Programa de Orientación académica<br>• Coñecemento do Sistema Educactivo<br>• Adestamento Toma de Decisións |

| 4º ESO | |
|---|---|
| 1º TRIMESTRE | • Dinámicas cohesión grupal<br>• Diversidade afectivo-sexual: NósMesmas |
| 2º TRIMESTRE | • Educación sexual: Pepe Cabido (Xaneiro)<br>• Educación emocional: Litus (TCA. AUTOLESIÓNS) |
| 3º TRIMESTRE | • Programa de Orientación académica<br>• Coñecemento do Sistema Educativo: Posible Visita a CIFP da contorna. |

| 1º BACHARELATO | |
|---|---|
| 1º TRIMESTRE | • Dinámicas cohesión grupal<br>• Charla Violencia de xénero: Noelia Míguez (Novembro)<br>• Charla Lesións medulares-COGAMI (Decembro) |
| 2º TRIMESTRE | • Charla / Visitas Orientación académica |
| 3º TRIMESTRE | • Charla / Visitas Orientación académica |

| 2º BACHARELATO | |
|---|---|
| 1º TRIMESTRE | • Visitas: EASD Antonio Failde / Feira Universidades |
| 2º TRIMESTRE | • Visita USC+EASD Mestre Mateo / Uvigo |
| 3º TRIMESTRE | • Charlas Orientación académica: ABAU / Acceso Universidade-Ciclos FP |

## 9.CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE CONVIVENCIA

### *Plan de convivencia.*

O Plan de Convivencia do IES Valadares foi actualizado e aprobado polo Consello Escolar o 11 de abril de 2016, e revisado por última vez o 27 de abril de 2018, tras a reunión da Comisión de Convivencia, en que engadiron normas sobre a utilización dos teléfonos móbiles no centro, entre outros asuntos.

Pendente de actualizar

## 10.PLAN DE IGUALDADE

### *Plan de Igualdade.*

O Plan de Igualdade foi ACTUALIZADO no curso 2023-24, e levarase ao Consello Escolar do día 11 de decembro de 2023

Como todos os documentos de centro é aberto en continuo cambio, coas achegas e melloras dos diferentes departamentos e sectores da comunidade educativa.

## 11.PLAN DE APOIO EMOCIONAL. CONCRECIÓN ANUAL.

### *Plan de apoio emocional.*

O Plan de Apoio Emocional foi elaborado no curso 2023-24, e levarase ao Consello Escolar do día 11 de decembro de 2023

Como todos os documentos de centro é aberto en continuo cambio, coas achegas e melloras dos diferentes departamentos e sectores da comunidade educativa.

Orde do 12 de maio de 2011 (centros plurilingües/auxiliar de conversa)

## 12.SECCIÓNS BILINGÜES. AUXILIAR DE CONVERSA-FULLBRIGHT.

No capítulo IV do Decreto 79/2010 para o Plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia estableceuse a conveniencia do fomento da aprendizaxe do inglés permitindo aos centros ofrecer ata un terzo do seu horario lectivo semanal nesta lingua. A necesidade do coñecemento de outras linguas fai que o potenciar o seu estudo sexa unha demanda social prioritaria, e polo tanto, tamén para a nosa comunidade educativa. Contamos coas seguintes liñas de sección bilingüe:

1º ESO: EPVA e Educación Física.

2º ESO: Tecnoloxía.

3º ESO: Bioloxía, Matemáticas e EPVA.

4º ESO: Matemáticas.

1º Bach: Educación Física

Contamos cada ano co apoio na práctica oral da lingua inglesa do auxiliar de conversa, que este ano se ve reforzado pola selección do noso centro dentro do programa Fullbright, que supón un maior número de horas de apoio na aula, ademais dunha mellor cualificación do profesor enviado.

## 13.PLAN PROXECTA 2023-24

# Plans Proxecta 2023-24

### O MONTE VIVO. 34.

### TÍTULO

**O monte vivo no IES Valadares**

### INTRODUCCIÓN.

Este proxecto xorde como unha ampliación e coordinación de diversas actividades que se veñen desenvolvendo nos últimos anos neste centro, onde a sensibilidade polo medio ambiente e a contorna forestal que o rodea é significativa, máis aínda desde a devastación e preocupación social que significaron os lumes de 2017 para os montes veciñais en man común da contorna e para a cidadanía

do Concello de Vigo, considerando ademais que este está dentro dunha Zona de Alto Risco de Incendio (ZAR).

A implicación previa e sensibilidade pola natureza é significativa tanto entre o profesorado e PAS como entre alumnado e familis. Este centro, entre outras actividades, leva varios anos promovendo e realizando plantacións de especies autóctonas resistentes ao lume e adaptadas ao cambio climático (como sobreiras, cerdeiras e outras) e realizando actividades de erradicación de especies invasoras (eliminación manual de acacia negra mediante extracción e descascado), ambas exemplos de accións de resposta preventiva e proactiva fronte ao risco de incendio.

Ademais, temos a sorte de contar con alumnado que está en contacto directo co ambiente forestal, arborado ou de matogueira, como por exemplo @s que teñen en propiedade cabalos galegos de monte ou @s que practican deportes na natureza compatibles coa conservación do medio (ciclismo, escalada, baños de bosque, trekking¿), aproveitando a contorna privilexiada que supoñen os montes de Valadares, Zamáns, o Galiñeiro, a Serra da Groba, etc.

## OBXECTIVOS

Con este proxecto queremos conseguir aínda unha maior concienciación ambiental e promover unha cidadanía responsable, desde un punto de vista interdisciplinar e cooperativo da educación, como xa se vén realizando nos últimos anos neste centro

Realizaremos este labor desde unha educación centrada e implicada na contorna, na masa forestal e de matogueira que está dentro do centro e que tamén o rodea, partindo do coidado e coñecemento da natureza (da que nos rodea e da natureza que somos cada un/ha de nós).

Procuramos tamén a vinculación (persoal, afectiva, laboral, de ocio¿) coa contorna e coa paisaxe excepcional que nos circunda, así como o coñecemento, colaboración e participación en instrumentos colectivos de xestión do territorio (comunidades de montes veciñais en man común e outros) para evitar o abandono do monte.

## ORGANIZACIÓN

1. Actividades cooperativas que se desenvolverán ao longo de todo o curso. Alumnado de todos os niveis da ESO e Bacharelato, e contaremos coas familias e o CEIP Sobreira situado a escasos metros do centro.
2. As actividades realizadas difundiranse a través dos taboleiros e das redes sociais do centro:
   - Os nomes: Elaboraremos e colocaremos taboleiros exteriores cos nomes das especies forestais, de sotobosque, de orla, de matogueira, presentes no interior do recinto do centro ou na súa contorna. Aparecerán os nomes científicos e os nomes comúns en todas as linguas que se estudan no centro (galego, castelán, inglés, francés e portugués).

- Plantación de especies autóctonas resistentes ao lume e/ou adaptadas ao cambio climático e conservación das xa existentes para aumentar a resistencia e resiliencia aos incendios.
- Elaboración dun viveiro na zona superior (horta). Isto representa unha continuación do labor de recuperación que se vén realizando nos últimos anos xa que, entre outras árbores autóctonas que se plantan na Semana da Ciencia, cada 17 de maio se planta unha nova sobreira no centro.
- Control e erradicación de especies exóticas invasoras.
- Paseando pola Sobreira: ruta interpretativa con paneis informativos para coñecer a contorna.
- Lembrando o 15 do 17: recordatorio da devastación que supuxeron para os montes vigueses os incendios do 15 de outubro de 2017 a partir de imaxes e vídeos reais. Triple trinta. O tetraedro do lume. Incendios de 5ª e 6ª xeración. Medios de extinción. Degradación do solo. Oportunidades que xurdiron a partir dese momento. Protección do solo e restauración do monte.
- O cabalo galego de monte: traballos murais sobre a importancia desta especie chave na conservación de hábitats de interese comunitario e o seu papel na prevención de incendios forestais, aproveitando o especial interese de alumnado e familias do centro, que teñen en propiedade estes cabalos.
- monte veciñal en man común con integrantes das comunidades de montes.
- Os primeiros da Sobreira: o propio alumnado desprazarase ao CEIP Sobreira para realizar contacontos e xornadas de sensibilización.
- Os sons da Sobreira: realizaremos escoitas e gravacións dos sons do monte, que se difundirán pola radio.
- Os poemas da Sobreira: lectura de autores relacionados coa natureza e elaboración de poemas.
- As imaxes da Sobreira: exposición de fotos sobre o monte galego, centrándonos na nosa contorna (sobreiral do centro, carballeira, zona de aromáticas, horta, matogueira seca, souto comunal anexo...).
- Creación dun Pasapalabra e/ou Tabú.
- Os cadros da Sobreira: elaboración de obras artísticas creativas.
- A natureza no cinema:ex como o filme O que arde.
- Entrevistas a profesionais dos montes: gandeir@s, apicultores/as, expert@s en incendios forestais
- A vida na Sobreira: entrevistas a familiares e veciñanza e observación de fotos antigas para coñecermos como era a vida e como cambiou a paisaxe. Como vivían e que recursos usaban do monte (madeira, batume, castañas).

- chan da Sobreira: actividade de edafoloxía en que se reutiliza unha botella de plástico para coñecer a estrutura do solo.
- As miñocas da Sobreira están moi vivas: experiencia de lombricultura para coñecer a fauna edáfica.
- As árbores sagradas: actividade mixta de imaxe e palabra sobre as árbores.

3. No deseño e realización destas actividades priorizaremos a aprendizaxe cooperativa coa aprendizaxe baseada en proxectos (ABP). Son actividades que supoñen un alto grao de implicación de profesorado, alumnado e familias e que xeran unha aprendizaxe e realización significativa multidisciplinar para toda a comunidade. Queremos tamén que sexan innovadoras, diversas e inclusivas.

## AVALIACIÓN

Para coordinar todas estas actividades realizaremos reunións periódicas presenciais ou online, dependendo das necesidades do proxecto en cada momento. Ademais faremos intercambio continuo de información e materiais por medios dixitais e físicos.
Ademais das reunións de profesorado, a final de curso realizaremos enquisas a tod@s @s participantes para avaliar todas as actividades, o seu desenvolvemento e idoneidade e para realizar propostas de mellora de cara aos próximos cursos.

## Profesorado participante:

María Belén Alonso Vila
Silvia Comesaña Paz
Julio Rodríguez Abreu
María del Pilar Brañas Pérez
Maria Luz Campos Rodriguez (Coordinadora)
Aida Sáa González
Susana María Lorenzo Cerviño
María del Carmen Boado Aguinaga
Iria Rodríguez Cruz
Jorge García Rubio
Patricia Fernández Mariño.
Silvia Pascual Fernández
Tania Rodríguez Braga
Maria Diana Duran Giraldez

Manuel López Rivas
Ángel Monroy Gómez
María Iolanda Rodríguez González
Verónica Taboada Lorenzo
María de las Mercedes Montes Campo
Ana María Ulla Ferraz

Alumnado participante:

| | | | |
|---|---|---|---|
| 1º Ensinanza secundaria obrigatoria | 55 chicos | 65 chicas | 4 grupos |
| 2º Ensinanza secundaria obrigatoria | 55 chicos | 65 chicas | 4 grupos |
| 3º Ensinanza secundaria obrigatoria | 62 chicos | 58 chicas | 4 grupos |
| 4º Ensinanza secundaria obrigatoria | 50 chicos | 66 chicas | 5 grupos |

**12.CONTRATOS PROGRAMA 2023-24**

# 01. Proxecto EDUINNOVA 23-24

## a) Introdución

Despois das reunións dos departamento de matemáticas, lingua galega e lingua castelá co equipo directivo somos conscientes da importancia de reforzar ambas competencias.
Por outra banda, dende hai moitos cursos, o noso centro caracterízase polos seus proxectos en Ciencia e Tecnoloxía. Os departamentos máis directamente implicados nestes ámbitos de coñecemento (Bioloxía, Tecnoloxía, Matemáticas e Física) sempre desenvolveron actividades creativas e motivadoras para o alumnado: visitas a museos, obradoiros, programas da universidade, colaboración para charlas e obradoiros con centros de investigación (CINBIO, CSIC, Escolas de Enxeñería da Universidade de Vigo...), concursos de robótica, concursos matemáticos, excursións formativas, prácticas en laboratorio do centro, proxectos nos talleres de tecnoloxía e informática...Por iso consideramos decisivo o apoio que nos brinda este contrato para seguirmos con esta liña de traballo no centro e así motivar ao alumnado a que continúe con estudos STEM, especialmente as alumnas, menos animadas a este tipo de estudos superiores.
Ademais o curso pasado incorporamos un novo espazo, o StemLab, un macro espazo destinado á implementación de proxectos STEM, que precisamos dotar dos recursos necesarios para levalos a cabo.
Ademais do Polos Creativos que puxemos en marcha tamén e que cada vez se utilizará máis co gasto de material funxible que isto conleva.

**Xustificación da necesidade da realización do Plan de Mellora**

## b) Análise DAFO

**1. Debilidades**

1. Falta de tempos e espazos de comunicación entre o profesorado.
2. O acceso habitual das familias ao centro educativo faise ás veces complicado debido á súa situación xeográfica nas aforas da cidade.
3. A formación do profesorado debería chegar a un maior número dentro do claustro.
4. Equipo docente pouco estable, moi cambiante, sen poder afianzarse moitos dos proxectos iniciados.

**2. Fortalezas**

1. Implicación da comunidade educativa na inclusión do alumnado.
2. Ilusión e dedicación dunha parte importante do claustro do profesorado en distintos proxectos e actividades.
3. Espazo físico ben distribuído e moi agradable.

**3. Ameazas**

1. Exceso de ratio nas aulas.
2. Falta de recursos para o apoio e seguimento de alumnado con NEAE.

**4. Oportunidades**

1. Renovación de parte do claustro con profesorado que amosa ganas de implicarse no centro.
2. Colaboración das familias a través da ANPA.
3. Utilización xeralizada das TICs na vida cotiá do centro.

**c) Obxectivos do proxecto**

1. Potenciar o emprego de metodoloxías activas, variadas e innovadoras, que dean resposta ás necesidades do noso alumnado para lograr unha educación de calidade e equidade.

2. Lograr que o alumnado acade os mesmos obxectivos establecidos na programación xeral e específica do curso e da área ou materia co seu grupo de referencia relativos aos contidos mínimos e básicos e ás competencias básicas, sen deixar de lado en ningún momento a procura da excelencia nas aprendizaxes.

3. Relacionar as aprendizaxes curriculares coa contorna e con ámbitos diferentes da vida para acadar aprendizaxes significativas e a implicación activa e participativa do alumnado e o profesorado a través de proxectos interdisciplinares que implican a coordinación entre docentes de distintas materias.

4. Buscar un enfoque competencial nas programacións, na metodoloxía e na avaliación, procurando o desenvolvemento de habilidades críticas e creativas que permitan ao alumnado afrontar problemas do seu día a día e extrapolables ao futuro.

5. Potenciar a aprendizaxe e o rendemento escolar do alumnado mediante o fornecemento de destrezas e coñecementos necesarios nas áreas de matemáticas, lingüísticas, científicas e tecnolóxicas.

6. Expresar e interpretar diferentes tipos de discursos matemáticos, lingüísticos, científicos e tecnolóxicos en diferentes contextos sociais e culturais.

7. Propiciar hábitos de vida saudables e responsables co medio ambiente.

8. Tratamento da lectura e da escritura en todas as áreas, incluídas as matemáticas, científicas e tecnolóxicas.

**Obxectivos que pretenden acadar co desenvolvemento do Plan de Mellora**

**d) Indicadores de logro do Plan de Mellora**

1. Número de alumnas e alumnos que melloran os seus resultados académicos.

2. Número de alumnas e alumnos que entregan en prazo os resultados dos proxectos levados a cabo.

3. Número de profesorado que se implica no deseño e implementación das tarefas integradas e/ou proxectos interdisciplinares propostos.

4. Número de profesorado que participa activamente nalgún dos grupos de traballo incorporados ao PFPP do centro como maneira de articular a colaboración entre docentes para levar a cabo as tarefas e proxectos propostos para este curso.

**O centro docente como entorno innovador**

## a) Medidas a desenvolver nesta modalidade, para cada competencia na que se vai incidir

1. Implementación da aprendizaxe cooperativa como metodoloxía de traballo que faga incidencia nas

competencias CMCT, CD, CCL.

2. Desenvolvemento de tarefas integradas nas materias de Lingua Castelá, Matemáticas, Xeografía e Historia e Educación Artística en 1º ESO. A materia de Educación Artística incorpórase por primeira vez neste curso.

3. Deseño e implementación de proxectos interdisciplinares que motiven ao alumnado e doten de significado as súas aprendizaxes, ao tempo que contribúen ao funcionamento do centro e transcenden a comunidade educativa, como por exemplo:

- O Congreso de Saúde, liderado por alumnado e profesorado de 3º ESO.
- Masterchef, liderado por alumnado e profesorado de 3º ESO:
- O Ecocentro, liderado por alumnado e profesorado de 4º ESO.
- A escola que queremos, liderado por alumnado e profesorado de 4º ESO e dirixido ao alumnado do colexio adscrito CEIP Sobreira.

4. Materias integradas en 2ºESO, TecnoFísica: proxectos no taller e no laboratorio con contidos, obxectivos e criterios de avaliación comúns. As materias de Lingua galega e lingua castelá súmanse aosm proxectos coa parte de comunicación.

## b) Número de alumnado co que vai traballar en cada competencia

| | | |
|---|---|---|
| 01. | Número de alumnos que van participar na competencia MATEMÁTICA e competencia en CIENCIA, TECNOLOXÍA E ENXEÑARÍA | 227 |
| 02. | Número de alumnas que van participar na competencia MATEMÁTICA e competencia en CIENCIA, TECNOLOXÍA E ENXEÑARÍA | 223 |
| 03. | Número TOTAL do alumnado que vai a participar na competencia MATEMÁTICA e competencia en CIENCIA, TECNOLOXÍA E ENXEÑARÍA | 460 |
| 04. | Número de alumnos que van participar na COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA | 227 |
| 05. | Número de alumnas que van participar na COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA | 233 |
| 06. | Número TOTAL do alumnado que vai a participar na COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (suma de alumnos máis alumnas) | 460 |
| 07. | Número de alumnos que van participar na COMPETENCIA DIXITAL | 227 |
| 08. | Número de alumnas que van participar na COMPETENCIA DIXITAL | 233 |
| 09. | Número TOTAL do alumnado que vai a participar na COMPETENCIA DIXITAL (suma de alumnos máis alumnas). | 460 |

**c) Grupos que van participar nesta modalidade, en cada unha das competencias**

Desde 1ºESO a 4º ESO

Como traballaremos a través de materias integradas e proxectos interdisciplinares, todo o alumnado da ESO participa nas competencias arriba mencionadas.

**d) Horario lectivo no que se vai desenvolver a modalidade, en cada competencia**

O Programa desenvolverase dentro do marco das actividades lectivas das materias que compoñen o currículo de cadansúa materia dos diferentes niveis da ESO. A Biblioteca pon os seus espazos a disposición do profesorado implicado para levar a cabo algunhas das actividades propostas. Así mesmo, este curso tamén contaremos cos novos espazos do StemLab e do Polos Creativos para a implementación dos proxectos interdisciplinares.

- 5 sesións semanais na materia de Matemáticas + 4 sesións semanais na materia de Lingua Castelá e Literatura + 3 sesións semanais na materia de Xeografía e Historia + 2 sesión semanal na materia de Educación Artística en 1º de ESO para levar a cabo as tarefas integradas.

- 3 sesións de recreo semanal para o Polo Creativo + unha hora os mediodías dos luns (Obradoiro de costura en colaboración co club de manga para creación de Cosplay), + unha hora semanal dentro da materia de Tecnoloxía para cada grupo.

- 1 hora semanal para cada grupo de 2º ESO e 3º ESO no programa ·"Mergúllate no Laboratorio".

- 1 hora semanal para cada grupo de 2º ESO e 3ºESO no programa "Mergúllate no Taller".

- Ámbito científico-matemático en 3º ESO: 4 horas de matemáticas + 2 horas de Bioloxía + 2 horas de Física e Química + 3 horas de Educación Dixital.

- Ámbito lingüístico en 3º ESO: 3 horas de LCL + 3 horas de LGL+ 3 horas de Xeografía e Historia.

- Cada tres semanas, todos os grupos de 4º ESO participarán durante tres semanas seguidas nun proxecto interdisciplinar no que se rompen as barreiras da aula e das materias: Bioloxía, Física e Química, Tecnoloxía, Inglés, Economía, FOPP, Educación Artística, Dixitalización... participarán conxunta e colaborativamente no proxecto que estea deseñado.

- Tecnoloxía de 2º ESO con 4 sesións semanais + 3 horas de Física e Química semanal.

**e) Orzamento**

2500€

**f) Indicadores**

1. Número de alumnas e alumnos que melloran os seus resultados académicos.

2. Número de alumnas e alumnos que entregan en prazo os resultados dos proxectos levados a cabo.

3. Número de alumnas e alumnos que participan en proxectos e concursos STEM.

4. Número de profesorado que se implica no deseño e implementación das tarefas integradas e/ou proxectos interdisciplinares propostos.

5. Número de profesorado que participa activamente nalgún dos grupos de traballo incorporados ao PFPP do centro como xeito de articular a colaboración entre docentes para levar a cabo as tarefas e proxectos propostos para este curso.

**g) Compromisos adquiridos**

- Participación ao longo do curso en cada un dos proxectos.
- Participación activa nos grupos de traballo do PFPP.
- Utilización de horas fóra do horario lectivo para preparar concursos e congresos.
- Coordinación entre o equipo de profesorado.
- Difusión fora da aula dos produtos finais elaborados polo alumnado.

**Compromisos adquiridos polos participantes (centro, profesorado, axentes sociais, outras administracións, ...) nesta modalidade do Plan de Mellora**

**h) Profesorado implicado:** 34

Departamento de Actividades Complementaria e Extraescolares.

Departamento de Orientación.

Departamento de Matemáticas.

Departamento de Lingua Castelá e Literatura

Departamento de Inglés

Departamento de Bioloxía e Xeoloxía

Departamento de Xeografía e Historia

Profesorado do equipo de Dinamización da Biblioteca.

Departamento de Tecnoloxía

Departamento de Física e Química

Departamento de Educación Plástica

## 02. EDUexcelencia.
## O centro docente como promotor da excelencia a

### a) Medidas a desenvolver nesta modalidade

1. Semana das Letras e das Ciencias na semana anterior a Semana Santa: rómpense os horarios egrupos ordinarios do curso, en horario completo para cada nivel cun día dedicado a charlas e obradoiros facilitados por persoas e organismos externos ao centro, pero colaboradores do mesmo; outro día será a Feira do Coñecemento, con obradoiros monitorizados polo propio alumnado para as súas compañeiras, compañeiros e familias. Esta xornada presentarán os seus proxectos. . Entre os obradoiros da Feira terán cabida os implementados polo alumnado STEMBACH. Un terceiro día dedicada ao Congreso de Saúde.

O resto dos días haberá saídas formativas, visitas e intercambios con outros centros educativos.

2. Obradoiros de radio nos recreos: elaboración e gravación de programas de radio con diversa temática que serán emitidos por Onda Valadares e en colaboración con Radio Valladares (emisora do Centro Veciñal e Cultural de Valladares): Dicción, redacción, técnica vocal, edición e maquetación.

3. Preparación ao longo do curso, dentro das materias implicadas, dos exames de cursos anteriores dos premios á excelencia.

4. Competición de Robótica da Escola de Enxeñería Industrial de Vigo : 50 alumnas/os de 4º ESO practicarán os retos nas clases de Tecnoloxía e de Dixitalización e nos recreos dos martes para montar e programar os robots.

5. Ensaios nos recreos e nos mediodías dos luns dos dous grupos de música do IES, que participarán ao longo do curso en diversos eventos e conmemoracións: Magosto, Samaín, Nadal, Letras Galegas, graduacións, fin de curso.

### b) Indique o número de alumnado co que vai traballar (de non participar ningún, indique

01. Número de alumnos que van participar. 293
02. Número de alumnas que van participar. 287
03. Número TOTAL do alumnado que vai a participar (suma de alumnos máis alumnas). 580

### c) Indique os grupos que van participar nesta modalidade
De 1º de ESO a 2º de BACH.

### d) Horario no que se vai desenvolver a modalidade

- Todos os recreos: Obradoiros de radio Onda Valadares.
- Semana Cultural: horario lectivo completo durante unha semana.
- Recreos e mediodías dos luns: Ensaio dos grupos de música.
- Durante as clases das distintas materias de 4º ESO implicadas na preparación dos Premios á Excelencia.
- Durante as clases das distintas materias implicadas na preparación dos obradoiros da Semana Cultural.

## e) Orzamento

3000 €

## f) Indicadores

1. Porcentaxe de alumnado que prosegue formación académica tras finalizar a ESO.
2. Número de alumnas e alumnos que participan activamente nos obradoiros da Semana Cultural.
3. Número de profesorado que avalía ao seu alumnado a través destas actividades e obradoiros.
4. Número de eventos nos que participa algún dos dous grupos de música.
5. Número de programas de radio de Onda Valadares subidos a IVoox.
6. Número de alumnas e alumnos que acadan o Premio á Excelencia.

## g) Compromisos adquiridos

- Participación do profesorado ao longo do curso en cada un dos proxectos vinculados ao seu currículo.
- Utilización de horas de formación fóra do horario lectivo.
- Coordinación entre o equipo docente.

## h) Profesorado implicado: 45

Departamento Matemáticas
Departamento de Orientación
Departamento Lingua Castelá e Literatura
Departamento de Tecnoloxía
Departamento de Música
Biblioteca
Departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares
Departamento de Xeografia e Historia
Departamento de Bioloxía e Xeoloxía
Departamento de Física e Química

# 03. EDUsaúde. O centro como dinamizador de hábitos de vida

## a) Medidas a desenvolver nesta modalidade

1. Actividades de sendeirismo na contorna: pretendemos sinalar e marcar unha serie de percorridos nos montes colindantes ao centro, para poder facer rutas de sendeirismo acompañadas de actividades que se propoñan desde diferentes materias. Promovidos por profesorado de Educación Física e Bioloxía.

2. Carreiras de orientación individuais e grupais de forma transversal: procuraremos organizar carreiras de orientación nas que se impliquen varias materias (Educación Física co sistema de carreiras de orientación xunto con Matemáticas, Linguas, Bioloxía, Xeografía e Historia... con problemas e actividades para solucionar nas diferentes balizas. Desta maneira poderemos traballar aspectos de diferentes materias nunha mesma actividade.

3. Congreso de Saúde no que abordaremos distintas temáticas: nutrición, deporte, saúde mental, terceira idade etc. Este Congreso continúa coa liña iniciada os cursos pasados, no que xa celebramos outro Congreso de Saúde Interxeracional, centrado nos hábitos e coidados da terceira idade, contando coa participación de asociacións como AFAGA (Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer) e das familias do alumnado.

4. Fomento do consumo saudable de froitas e verduras de temporada a partir da horta do instituto (creada hai dous cursos, por medio de pósters, dípticos, programa na cafatería, stands de mostra dos productos da horta...)

5. Show cooking: Obradoiros de cociña saudable a partir de produtos da horta e do invernadeiro.

6. Obradoiros de primeiros auxilios para alumnado e profesorado promovidos polo departamento deEducación Física.

7. Obradoiros de deportes e bailes inclusivos impartidos polo alumnado de Educación Física.

8. Proxecto de centro liderado por 4ºESO: un Nadal diferente, coñecemento e achegamento a distintas culturas, reflexión sobre o consumismo etc

## b) Indique o número de alumnado co que vai traballar (de non participar ningún, indique

01. Número de alumnos que van participar. 293

02. Número de alumnas que van participar. 287

03. Número TOTAL do alumnado que vai a participar (suma de alumnos máis alumnas). 580

## c) Indique os grupos que van participar nesta modalidade

De 1º ESO a 2º Bach.

## d) Horario no que se vai desenvolver a modalidade

- Semana Cultural: horario lectivo completo durante a semana da celebración.
- Durante as clases das distintas materias implicadas: preparación dos obradoiros da Semana Cultural e dos proxectos interdisciplinares, como o Congreso de Saúde e o Nadal diferente.
- Organizaranse medias mañás fóra do instituto ou ben días completos para as actividades de sendeirismo e orientación.

## e) Orzamento

2500 €

## f) Indicadores

- Número de alumnado que participa nos obradoiros da Semana Cultural.
- Número de profesorado que participa nos obradoiros da Semana Cultural.
- Número de profesorado que participa nos proxectos interdisciplinares.
- Número de familias que acuden e participan no Congreso de Saúde.
- Número de actividades organizadas ao aire libre.

## g) Compromisos adquiridos

- Participación ao longo do curso en cada un dos proxectos.
- Utilización de horas de formación fóra do horario lectivo.
- Coordinación entre o equipo de profesorado.
- Difundir entre a comunidade educativa hábitos de vida saudable.
- Incluír en distintas materias (Educación Física, linguas, Bioloxía...) os contidos e programas de saúde.

## h) Profesorado implicado: 42

Departamento de Educación Física.
Departamento de EPVA
Departamento de Orientación
Departamento de Bioloxía e Xeoloxía
Departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares
Equipo de Biblioteca
Equipo de titores/as

# 04. EDUsostibilidade. O centro educativo comprometido cos Obxectivos

## a) Medidas a desenvolver nesta modalidade

1. Proxecto Ecocentro liderado por 4ºESO: Estará centrado no consumo responsable e o aforro enerxético.

   - Análise do consumo enerxético do centro
   - Propostas de mellora: enerxías renovables, ecodelegadas/os, automatización das instalacións como proxecto de aula.
   - Análise do lixo producido no centro.
   - Propostas de mellora: redución de residuos, reciclaxe e reutilización dos mesmos.
   - Campaña publicitaria dirixida a toda a comunidade educativa.

2. Realización dun banco de sementes tradicionais.

   - Cultivo de produtos hortícolas en invernadoiros ou ao aire libre (iniciado xa os cursos pasados).
   - Plantación de árbores frutais de inverno que poidan favorecer o consumo de froita no centro.
   - Uso de técnicas de cultivo tradicionais e outras máis innovadoras que permiten o cultivo orgánico e ecolóxico (compostaxe, produción de fitosanitarios ecolóxicos e naturais, asociación de cultivos, etc).
   - Cultivo de xerminados e brotes tenros.
   - Obradoiros de cociña e degustación con produtos naturais do noso propio horto.
   - Automatizacion do horto por medio de sensores de temperatura e humidade e de rego automático.
   - Elaboración de diarios da horta que permitan recoller as experiencias vividas.

3. Coidado e valoración da nosa contorna: o monte Galiñeiro como proxecto de centro. Estudo multidisciplinar do monte Galiñeiro: as terras raras, auga, biodiversidade, turismo sostible. Saídas polo monte con obradoiros de xeoloxía, plástica e linguas.

Obradoiros por persoas expertas e grupos ecoloxistas. Enerxías renovables no monte, si ou non?

## b) Indique o número de alumnado co que vai traballar

01. Número de alumnos que van participar. 227

02. Número de alumnas que van participar. 233

03. Número TOTAL do alumnado que vai a participar (suma de alumnos máis alumnas). 460

## c) Indique os grupos que van participar nesta modalidade

Todo o alumnado de 1º ESO a 4º ESO.

## d) Horario

- Varias xornadas ao longo do curso dedicadas á agricultura ecolóxica.
- Semana Cultural: horario lectivo completo durante a semana da celebración.
- Durante as clases das distintas materias implicadas nos proxectos interdisciplinares relacionados co proxecto Ecocentro, co proxecto Monte Galiñeiro e co proxecto Horta do Instituto.
- Durante as clases das distintas materias implicadas na preparación dos obradoiros da Semana Cultural.

## e) Orzamento

1700 €

## f) Indicadores

- Número de alumnado que participa activamente nos tres proxectos propostos.
- Número de profesorado que participa activamente nos tres proxectos propostos.
- Posta en marcha do grupo de ecodelegadas/os.
- Aumento por parte do alumnado da cantidade de residuos recollidos para reciclaxe.
- Redución do gasto do instituto en consumo enerxético: electricidade e gasóleo.

## g) Compromisos adquiridos

- Cesión de novos espazos destinados á horta do instituto por parte do centro educativo e coidados da mesma fóra dos períodos lectivos.
- Participación ao longo do curso no mantemento da horta.
- Utilización de horas de formación fóra do horario lectivo.
- Coordinación entre o equipo de profesorado.

## h) Profesorado implicado: 14

Departamento de Bioloxía e Xeoloxía.

Departamento de Física e Química

Departamento de Educación Física

Departamento de EPVA

Departamento de Tecnoloxía.

Departamento de Lingua Castelá e Literatura.

Departamento de Inglés.

# 05. EDUcalidade. O centro educativo como modelo de calidade

## a) Medidas a desenvolver nesta modalidade

1. Seguindo a nova normativa de identidade corporativa de centros, procederemos á actualización de todos os documentos de centro: circulares para familias, expedientes educativos, programación xeral anual, caderniños de titoría para familias, normas de funcionamento, protocolo de acollida ao novo profesorado (interino, sustituto), libro de avaliacións do equipo directivo para seguemento de todo o alumnado ao longo do curso, etc.

2. Creación da Secretaría Virtual na Páxina web do centro para todo tipo de xestións administrativas.

3. Creación de foros virtuais na AV para comunicación dos equipos docentes de cada grupo en

substitución dos partes diarios de aula físicos.

4. Formación para as xefas e xefes de departamento destinada a actualizar na web os espazos correspondentes ás súas respectivas materias e departamentos.

5. Visibilización mediante carteis, dípticos, murais, anuncios, folletos...

6. Continuación da mellora das convocatorias de reunións e a posta en marcha das mesmas mediante o control de tempos, dinámicas de traballo e cohesión para profesorado, formación para o equipo directivo en xestión e liderado de equipos de traballo.

## b) Horario no que se vai desenvolver a modalidade

Completo

## c) Orzamento

2500

## d) Indicadores

- Asistir á formación específica de equipos directivos.
- Manter a páxina web e as redes sociais activas e ao día.
- Extender o uso da Aula Virtual entre profesorado e alumnado mediante formación.

## e) Compromisos adquiridos

- Asistir á formación específica de equipos directivos.
- Asistir a formación da web.
- Manter a páxina web e as redes sociais activas e ao día.
- Extender o uso da Aula Virtual entre profesorado e alumnado mediante formación.

## f) Profesorado implicado: 10

- Participarán activamente na elaboración da nova documentación 6 docentes (Equipo directivo e Departamento de orientación máis responsables de AV e redes sociais e persoas participantes no Plan Dixital),

- Equipo directivo na observación e intercambio de experiencias de organización: 4 docentes